

**ACTA Nº 12/2017 DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2017 DO
CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2017/11.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG- CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG- CCTT).

D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG- CCTT).

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG- CCTT).

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA (CxG- CCTT).

(asiste a partir do punto 4, tras a súa toma de posesión)

D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).

(asiste ata o punto 5, en que se formaliza a súa renuncia)

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).

D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).

D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).

D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).

D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).

D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).

D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).

D. JUAN JOSE CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO).

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

INTERVENTORA ACCIDENTAL: D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

ÍNDICE

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE MAIO, 30 DE XUÑO, 14 DE XULLO E 28 DE XULLO DE 2017.....	4
2.- EXPEDIENTE 4091/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 06092017.....	4
3.- EXPEDIENTE 3929/2017. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN, CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2017.....	15
4.- EXPEDIENTE 3962/2017. TOMA DE POSESIÓN DO NOVO CONCELLEIRO DE CXLALIN-CCTT, JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.....	16
5.- EXPEDIENTE 4084/2017. RENUNCIA DE JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS Á SÚA CONDICIÓ DE CONCELLEIRO.....	17
6.- EXPEDIENTE 2561/2017. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE LALÍN. EXERCICIO 2016.....	17
7.- EXPEDIENTE 3961/2017. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 9-P/2017	19
8. EXPEDIENTE 1574/2017. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 15-PXOM.....	31
9.- EXPEDIENTE 3834/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA QUE INCREMENTE AS MENCIONS A LALÍN NAS SÚAS PUBLICACIÓNS DE PROMOCIÓ E DIFUSIÓ..	34
10.- EXPEDIENTE 3835/2017. SOLICITUDE DO PP DE COMPARECENCIA E, NO SEU CASO, PETICIÓ DE DIMISIÓ E REPROBACIÓ DA CONCELLEIRA DE CULTURA, POLA UTILIZACIÓ PRIVADA DUN VEHÍCULO MUNICIPAL PARA A ASISTENCIA A UNHA PROBA DE OPOSICIÓ EN PONTEVEDRA.....	37
11.- EXPEDIENTE 3833/2017. MOCIÓN DO PP PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E Á SOCIEDADE DE CAZA E PESCA DE LALÍN A QUE ACTÚEN DE XEITO COORDINADO NO CONTROL DO XABARÍN.....	46
12.- EXPEDIENTE 3995/2017. MOCIÓN DO PP PARA QUE SE TOMEN MEDIDAS EXCEPCIONAIS POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA E DO CENTRO DE INVESTIGACIÓ DE AREEIRO DA DEPUTACIÓ DE PONTEVEDRA PARA COMBATER A PRAGA DE VESPA VELUTINA.....	55
13.- EXPEDIENTE TRAMITADO POR URXENCIA 3940/2017. RECURSO DE REPOSICIÓ ADSUDICACIÓ SAF, SERVIZOS SOCIAIS A COMUNIDADE, S.L.....	59
14.- EXPEDIENTE 4951/2017. MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON	

ADSCRITO. DESBROCE DAS PARCELAS MUNICIPAIS.....	79
15.- ROGOS E PREGUNTAS.....	82

Sendo as **nove horas do mércores, día 6 de setembro de 2017**, xuntáronse no salón de Plenos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, os expedientes puxéronse na súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Accidental, *D. Jorge García Fernández*.

Actúa como Interventora Accidental, *D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez*.

De orde do Sr. Presidente, e segundo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE MAIO, 30 DE XUÑO, 14 DE XULLO E 28 DE XULLO DE 2017.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bo día a todos e todas. Empezamos o Pleno ordinario en setembro pero é o de agosto. O señor Secretario ten a palabra.

O Secretario Accidental: Punto primeiro aprobación se procede das actas das sesións celebradas os días 29 de maio, 30 de xuño, 14 de xullo e 28 de xullo de 2017.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se tedes algo que dicir?. Nada. Procedemos entón a votación das actas.

Tras a deliberación e por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar as actas das sesións do 29 de maio, 30 de xuño, 14 de xullo e 28 de xullo de 2017.

2.- EXPEDIENTE 4091/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 06092017.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE 3929/2017. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN, CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2017.

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre de 2017 elaborados pola Tesourería Municipal.

Seguidamente, o Pleno da Corporación:

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre de 2017, emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na web municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao segundo trimestre de 2017, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 28 días e a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 4,43 días.

Cuarto.- O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao segundo trimestre de 2017 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 26 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 4,47 días.

O Concello Pleno quedou enterado.

4.- EXPEDIENTE 3962/2017. TOMA DE POSESIÓN DO NOVO CONCELLEIRO DE CXLALIN-CCTT, JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

O Secretario Accidental: Realizados os trámites para a toma de posesión do cargo de concelleiro D. José Manuel Fernández Taboada, logo da renuncia presentada pola concelleira D^a. Katia Margaret Procino Toimil o día 27 de xullo de 2017 e unha vez recibida a credencial correspondente emitida pola Xunta Electoral Central de data 10 de agosto de 2017, dáse conta da presentación por parte de D. José Manuel Fernández Taboada da declaración de bens e dereitos dunha banda e doutra banda a declaración de actividades. Procede neste sentido, tomar posesión do seu cargo coa fórmula xuramento ou promesa regulamentaria.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pódeste acercar.

De seguido, **D. José Manuel Fernández Taboada** procede a prometer, pronunciando a seguinte fórmula:

“Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro de Lalín con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pode tomar asento na súa bancada. Felicítalo e dicir que asume responsabilidades importantes nas súas áreas que era dunha gran compañeira como é Katia e estou convencido porque coñezo da súa capacidade que estará a altura do que demanda o pobo de Lalín. Moitísimos parabéns.

Xa que logo, cumpríndose todos os requisitos establecidos na normativa vixente o Sr. Alcalde-Presidente dá posesión do seu cargo como edil deste Concello de Lalín a todos os efectos legais a **D. José Manuel Fernández Taboada**, integrándose de seguido este novo concelleiro e tomando asento entre o grupo municipal de CxLalín-CCTT.

5.- EXPEDIENTE 4084/2017. RENUNCIA DE JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS Á SÚA CONDICIÓN DE CONCELEIRO.

O Secretario Accidental: Trátase de dar trámite e deixar constancia da renuncia de D. José Manuel Hermida Arias, presentada o 31 de agosto de 2017, ao seu cargo de concelleiro do Concello de Lalín (Pontevedra).

D. José Manuel Hermida Arias: Isto foi unha decisión tomada unicamente no seno familiar por un problema persoal do eido privado. Mostrar o meu agradecemento á Corporación municipal de Lalín, especialmente o grupo de goberno, que foi un honor para min ser representante do pobo de Lalín. Vou seguir traballando polo sector noutros eidos, como o sindicalismo, como estiven antes de entrar en política. Gracias a todos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Concelleiro, dicirlle que lle desexo o mellor na súa vida privada, e en canto a súa función política felicítalo polo seu excelente traballo. Moitas gracias.

O Pleno do Concello de Lalín quedou enterado e aceptou a renuncia.

6.- EXPEDIENTE 2561/2017. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE LALÍN. EJERCICIO 2016.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 28 de agosto de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas do día 13 de xullo de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a. Teresa Varela Fisteus: Bos días a todos, isto só e traer ó Pleno para a aprobación da conta xeral do Concello que xa despois da súa fase de exposición pública foi publicado o 21 de xullo de 2017 no Boletín Oficial da Provincia e cumpriu con todos os trámites de exposición de 15 días máis 8, terminou o período de exposición o 25 de agosto sen alegación, entón hai que traela para aprobación polo Pleno. Simplemente é un trámite administrativo a conta elaborase dende os servizos de Intervención e veu xa o Pleno do 14 de xullo de 2017.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non sei se hai algunha intervención?. Adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Bos días a todos. Antes de nada darlle a benvida ó novo concelleiro que acaba de tomar posesión. Benvida a esta nova batalla como é a política local onde moitas veces non facemos moitos amigos pero é o que está estipulado e é o que está xa recoñecido en democracia polo tanto hai que diferenciar o privado da vida política e mentres teñamos claro iso non vai haber ningún tipo de problema. A Hermida desexarlle sorte nese trance que lle tocou vivir que nós non o desexamos a ninguén. En todo este proceso, creo que pola parte nosa fomos correctos en todo momento, non nós gustaron as declaracións do Tenente Alcalde no Diario de Pontevedra e logo non nos gustaron as declaracións do avogado dicindo que pola parte que nos podía tocar que podía haber intereses económicos e políticos, dende logo pola parte que lle toca ó Partido Popular, eu podo asegurarlle de que non. Xa sei que o dixo o avogado, que non o dixo ninguén, pero o avogado nin o desmentiu el nin o desmentiu ningún dos grupos que forman o cuatripartito.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Crespo o que lle podo dicir aquí no Pleno, que eu falei co avogado sobre este tema e o que me di é pola súa condición de concelleiro pero que en ningún caso tiña ningunha reminiscencia relacionada co Partido Popular nin a oposición, é pola súa condición de concelleiro.

D. Xosé Crespo Iglesias: De acordo, pero admitido iso puido aclaralo o día seguinte. Cal é o problema?. Se eu digo unha cousa que hai dúbidas do mesmo ó día seguinte aclároo e non pasa nada.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que colleron con papel de fumar ese tema. Quero recoñecer que foron eles.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non o sei. Con respecto o punto que nos toca que é o expediente de aprobación da conta xeral do Concello de Lalín dicir que nós igual que cando se presentou antes da exposición pública, nós ímonos abster. Simplemente dicirlle que a documentación que deron, 438 folios osderon o venres, había papeis repetidos pero tivemos que comprobalos e tivemos aí un traballo ardo de comprobación deses 438 folios. Eu simplemente o que pediría que aínda que é legal dárnolo no mesmo día, que se nos deu o venres, eu recordo que vostedes se queixaban sobre todo o PSOE cando ocorreu o mesmo pola nosa parte, simplemente recordar que fan o mesmo que facíamos nós.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Por alusións e porque é algo da miña Concellería, dicirlles que o expediente da conta xeral xa veu ó Pleno do 14 de xullo, é dicir o

expediente está, aquí só ven de novo o que é a publicación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Señora Concelleira a comisión especial de contas se non entendo mal, non?.

D^a. Teresa Varela Fisteus: E os informes.

D. Xosé Crespo Iglesias: Deses catrocentos e pico folios están repetidos o 90%.

D^a. Teresa Varela Fisteus: O 99,9% .

D. Xosé Crespo Iglesias: O 90%. Pero nós temos que comprobalos que como comprenderá son catrocentos e pico folios.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Pero é que non hai maneira de modificalo porque se trata dunha publicación do Boletín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós como oposición temos que fiscalizalo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Crespo con todo o respecto hai un dictamen da Comisión Informativa de Especial de Contas do 13 de xullo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que si, que si. O que digo é que moitos son iguais, pero lévanos un tempo comprobalo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non houbo ningún tipo de mala fe neste tema. Nin este nin outros.

Sometida á votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9) do grupo de goberno. Sendo cinco (5) concelleiros/as de CXG-CC-TT, dous (2) concelleiro/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira de APAC, un (1) concelleiro do BNG.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Once (11). Sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Xa que logo, aprobouse o expediente e adoptouse o seguinte acordo:

Transcorrido o prazo de exposición ao público da Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ao exercicio económico de 2016, sen que se presentara reclamación algunha, elévanse ao Concello Pleno o expediente completo desta, cos ditames e informes preceptivos, dando cumprimento ao disposto nos artigos 208 e

seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Con base no exposto, o Pleno da Corporación do Concello de Lalín ACORDOU:

- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ao exercicio económico de 2016, integrada polos estados e contas anuais da entidade e as do Padroado Cultural de Lalín

7.- EXPEDIENTE 3961/2017. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 9-P/2017 .

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 25 de agosto de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 31 de agosto de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a. Teresa Varela Fisteus: É necesario dotar de crédito por un lado a aplicación orzamentaria para o cofinanciamento das escolas infantís Lalín- Pontañas e a do polígono, dado que o 27 de xullo do ano en curso tivo entrada neste Concello a liquidación correspondente a primeira metade do curso escolar 2016-2017 que ascende a 52.200€ e con base a estas liquidacións o que facemos e xa dotar a partida orzamentaria para o que é toda a anualidade por iso o importe de modificación ven por 104.400€ aínda que hai informes de discrepancia, ese punto o vai tocar Nico porque é da súa área e eu seguindo coas modificacións de crédito dicirvos que tamén se trata de dotar de crédito a aplicación adicada os equipamentos culturais e museos para poder acometer a reparación da sala do Auditorio por 61.966,80€ e así poder utilizar ese sala. Este crédito iría destinado a poñer en funcionamento e que sexa operativa esta nova sala, instalándolle un novo falso teito, repoñendo a instalación e climatización, iluminación, reposición da tele da parede posterior, reposición e retirada dos paneis de madeira e sustitución dos que sexan necesarios. Isto consta cos preceptivos informes, cumpre tanto co obxectivo da regra de gasto da estabilidade orzamentario e o límite da débeda. Se ben é certo está é a segunda actuación que facemos dese auditorio, a primeira foi de 45.107,32€ que foi para o tellado despois do temporal, quedan actividades pendentes que executar nese auditorio máis ou menos uns 120.000€ que aínda está o proxecto sen facer polo técnico e si que coñecemos de determinadas anomalías que si que habería de facer o que pasa que no momento actual habería que acometelo nesta segunda fase entón é probable que veña outra modificación cando estea o proxecto rematado e valorado exactamente o que hai que acometer. Pola miña banda nada máis, non sei se Nico quere explicar algo sobre o tema das garderías.

D. Nicolás González Casares: Si, si. Do tema das garderías, facer un pouco de historia. Dende a Xunta de Galicia houbo un intento de liquidación do Consorcio Galego de Benestar e cando chegamos no ano 2015 no mes de xullo apareceu unha

liquidación de débedas onde nos reclamaban practicamente 800.000€ de atrasos polas dúas escolas infantís que temos en Lalín, algo que nos parecía unha auténtica barbaridade e un atraco a man armada, xa que vendo os convenios non se establecía de onde podía sacar esas débedas que lle correspondía ó Concello de Lalín, daquela fixeramos un recurso e esa reclamación de cantidades adebedadas quedou un pouco no aire. Pero si que é certo que despois houbo un acordo marco entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia para que os concellos que teñamos escolas infantís co Consorcio Galego de Benestar Social nos fixeramos cargo dunha parte do seu financiamento. Houbo bastantes discusións por isto porque por exemplo o Concello de Lalín que ten dúas escolas infantís que estaba pagando por elas o seu mantemento e que puxera os terreos e nalgún caso incluso a instalación á disposición da Xunta de Galicia e que agora tivera que pagar tamén o seu funcionamento, é dicir, o que implica tamén gastos de persoal sen ter practicamente ningún xeito de xestionar esa escola porque realmente o que imos facer é pagar polas escolas infantís que temos no Concello pero na xestión do día a día das escolas infantís practicamente nin imos participar porque o Consorcio Galego de Benestar Social fai unha asamblea anual onde se vota unha serie de cousas pero nunca se reúnen os Comités que existen en ambos convenios para o seguimento do funcionamento das escolas infantís, salvo os consellos escolares que son semestrais os que acoden representantes municipais neste caso normalmente acude os dos consellos que se fan conxuntamente na escola infantil do Pontiñas.

Agora temos que dotar crédito porque houbo unha reclamación neste mes de agosto, sempre nos pilla en verán cando estamos un pouco máis despistados para dar resposta e a reclamación inicial que nos fan é do primeiro semestre do curso anterior, é dicir do 2016-2017. Fan unha reclamación de 26.100€ por cada unha das escolas infantís o cal o que temos é unha reclamación agora mesmo de 52.000€ enriba da mesa. Imos dotar crédito polo total para que a reclamación do segundo semestre deste ano podámola afrontar, non vaia a ser que chegue o mes de novembro e logo non podamos modificar crédito e pagar esa segunda liquidación. Dotamos de todo o crédito necesario para pagar os 52.000€ de agora e os posibles 52.000€ que veñan despois pero eu tamén quería significar que este Concello vai facer un esforzo que nunca fixo polas escolas infantís, un esforzo obrigado porque non queda outra opción, só se podería contemplar a vía contenciosa-administrativa pero non queda outra opción e con moitas opcións de perdela. O Concello de Lalín vaise facer cargo dunha gran parte do funcionamento das escolas infantís.

Polo tanto, reclamamos dende o Concello de Lalín á Xunta de Galicia que si temos que pagar 104.000€ polas escolas infantís máis o mantemento máis reparacións, máis os gastos normalmente xurdidos de electricidade e combustibles cremos que o Concello de Lalín debe ter máis poder de decisión como outros concellos no día a día das escolas infantís porque non temos decisións nas unidades que se abren, nin na xestión do persoal nin en nada que sexa da xestión do día a día das escolas infantís en horarios ni en nada. Eu creo que vai sendo hora de que si aportamos terreos, edificios, mantemento dos edificios, e agora cartos, pois o Concello terá que dicir algo. Para máis adiante quedará as reclamacións de cantidades porque se vai facer escola por escola, concello por concello e van querer seguir reclamando parte desas cantidades das que falei antes algo a que nos opoñemos porque vendo os convenios que hai nos cremos que teñan dereito a reclamar algunha desas cantidades. Por tanto, quero que quede moi claro que o Concello de Lalín vai asumir

gran parte do custe das escolas infantís que existen neste Concello, das escolas infantís públicas, xa non é a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia paga unha parte e o Concello outra parte moi importante.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A oposición. O Partido Popular se queredes dicir algo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ben, vexo que para esta modificación de crédito o que hai que poñer para o financiamento das escolas infantís e máis para a segunda fase digamos da reparación da sala Tuno do Auditorio, non temos nada que dicir. Estráñame que se quite o 100% do orzamento de 166.000€ o 100% do persoal. Que pasa todas esas prazas non se van a utilizar?. Das partidas que se sacan dos 166.000€ son exclusivamente de persoal, pregunto.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Si, vai o detalle no expediente.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pregunto pero unha parte das que van aí non van a utilizar nada este ano?.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Pois non. Este ano a previsión é que non.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, vale. Quitan persoal, urbanismo....Crin que dalgunha desas partidas ían facer algún gasto. Se non o fan vostedes, están no seu dereito. Con respecto ao Tenente Alcalde recordarlle que este desaguisado con respecto as escolas infantís ven motivado polo goberno bipartito do que eu fun actor principal e que me chulearon.

O Consorcio créase por un acordo entre o señor Quintana e máis a FEGAMP sendo eu Presidente e todo o que se puxo no papel, a metade non se cumpriron. O señor Vicepresidente da Xunta daquela habíame dito que os Concellos que aportaran ou ben as instalacións ou ben o solar para facer a Xunta a obra alí, que con facer o mantemento nos chegaría e pagar a auga que xa é municipal e non se paga no caso de Lalín porque as instalacións municipais están exentas. Con pagar a luz, pagar o mantemento do edificio, a limpeza, con iso en teoría debería chegar, iso foi o que se nos dixo. Daquelas eu collín os alcaldes de toda Galicia e tivemos unha reunión na que houbo bastante tensión e eu firmei o Consorcio da Xunta de Galicia con ese compromiso, de que os Concellos íamos poñer o que estábamos poñendo.

A realidade é que a Xunta de Galicia non tiña orzamentos suficientes para manter as escolas as que chamaban porque pensaron e fixeron contas e meteron a bastante persoal, o propio Consorcio e toda a maquinaria que se puxo a funcionar en Santiago xeneraba uns gastos que non habían contado con eles, cousa rara, pero non habían contado con eles. Os gastos só era o persoal das escolas pero non o staff que montaron alí en Santiago, por certo bastante nutrido e que eu creo a todas luces sobredimensionado. O que é certo é que 4 anos despois chegou o Partido Popular e encontrouse co marrón e con ese déficit. Polo tanto, que quede claro que o invento do Consorcio foi un invento do goberno bipartito e que como actor principal que me tocou ser a min a parte dos concellos non se cumpriu para nada o que nós habíamos firmado no pacto local entre o señor Touriño e mais eu. Das cláusulas que alí se estipulaban do que había que facer no pacto local cumpriuse o 10% escasamente,

polo tanto foi un papel mollado pero bueno ten mérito porque non había ningún outro firmado en toda España, polo tanto foi o primeiro pacto local que se firmou en España e polo menos algunhas cousas si houbo algunhas vantaxes como no tema de educación de que o gasoil de calefacción, etc o asumira a Xunta de Galicia como estaba previsto e como está asumindo os distintos centros de saúde onde están correndo co cargo dos gastos dos concellos. Todos estes lodos ven precisamente do arrancamento do Consorcio como unha entidade que quixo facer a Xunta de Galicia e que logo quixo repartir cos concellos os gastos, o cal non quere dicir que eu non estea de acordo que os concellos que antes mantiñan o 100% das garderías e que antes nos daban unha subvención o ano que era insuficiente a todas luces pois polo menos unha mellora conseguímolos, unha mellora importante. Antes había que manter as garderías ó 100% e agora deu unha subvención que podería ser máis ou menos graciable dependendo do ano e dependendo doutros factores algúns deles por certo nada lóxicos e polo menos con isto conseguíuse unha certa uniformidade a única vantaxe.

O tema económico ven motivado precisamente porque non se fixeron as contas e porque non se fixeron as cousas ben naquel goberno e que agora o partido Popular intenta regularizar, nós estamos de acordo con esa regularización, independentemente do que digo é un asunto que se aminorou con respecto o que pretendía a Xunta de Galicia, porque hai que recordar que o que pretendía a Xunta nun primeiro momento e por certo o que eu opúxome a iso cando fixeron as contas do Consorcio nada máis chegar alí e ver o déficit que tiña o Consorcio era infinitamente superior. No caso de Lalín os datos que no pasaron aquí que obviamente nós non estabamos de acordo e así o fixemos ver na Consellería e xa se presentara recurso por parte nosa dicir que era infinitamente superior, polo tanto quedou nunha cantidade moito máis modesta e creo que o bo de todo isto é chegar a un acordo e financiarlas independentemente que no pacto local esta claro que non se cumpre o que eu firmei, nun caso coma este tiña que financiarlo integramente a Xunta de Galicia pero como o pacto local é papel mollado.

D. Nicolás González Casares: Estas reclamacións son do ano 2015, o bipartito do que vostede fala rematou no ano 2009, é dicir foi o Partido Popular seis anos máis tarde quen din que o Concello de Lalín ten que pagar 104.000€ este ano é o Partido Popular, é dicir non nos veñan con milongas porque é certo e é así. Esta liquidación ven agora por decisión do Partido Popular de recortar presuposto en materias sociais durante todos estes anos, que a vostedes lle pareza ben que teñamos que pagar 104.000€ por cada ano, pois é a súa posición. Eu como membro do goberno de Lalín preferiría non ter que pagar nada como o de ata agora e iso tamén o pode entender vostede, por iso non entendo a súa posición. Co pacto local e grazas ao Consorcio se fixo a maiores unha gardería e ademais se asumiu a xestión da outra gardería que era municipal, polo tanto o Concello non saíu tan mal parado. Por certo Sr. Crespo se o pacto local é papel mollado é polo Sr. Alberto Núñez Feijoo, é dicir, non pode dicir firmei isto do pacto local con Touriño no ano 2008 e xa quería que todo o pacto local se fixera nun ano. Nos últimos 7-8 anos que fixo o Sr. Feijoo polo pacto local? Pois incrementar os pagos dos Concellos en moitas das cousas porque agora temos que ocuparnos dos incendios e da prevención dos mesmos, pagar as escolas infantís, cal vai a ser o próximo?. Incluso as veces tratar de solventar os recortes sociais a través dos concellos como pasou cos libros escolares que se suprimiu a gratuidade dos libros de texto e temos que dar case todos os concellos axudas de

material escolar para paliar un pouco a situación das familias neste mesmo mes de setembro. Polo tanto, esta aportación municipal ven única e exclusivamente derivado dos recortes establecidos polo Partido Popular en materias de política social. Eu entendo que vostede trate de envolvelo e se achaque méritos, que os ten, por firmar o pacto local co Sr. Touriño pero ese pacto local chegou ao seu fin evidentemente por cuestións de tempo, eu estou seguro que se seguira o bipartito nin teríamos que pagar isto, os nenos seguirían cos libros de textos gratuítos. É un xeito de ver a política, o PP non ve iso e outros como o Sr. Quintana si que soubo ver en inverter o saldo de Galicia que había que apoiar as familias tendo escolas infantís e fíxose un gran esforzo naquel tempo. Polo tanto, eu vexo distinto a vostedes, aínda que reconózolle certos méritos que están ben pero isto realmente forma parte dunhas políticas neoliberais .

D. Xosé Crespo Iglesias: Por alusións. O pacto local firmouse nada máis chegar o bipartito o poder e tiña un período de vigor máis ou menos de 8 anos. Nos primeiros catro anos que foron integramente do bipartito non se cumpriu practicamente nada.

D. Nicolás González Casares: O pacto local non se firmou no ano 2005?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Perdóeme, lealo.

D. Nicolás González Casares: Pero cando se fixo o pacto local?.

D. Xosé Crespo Iglesias: O pacto local firmouse nada máis chegar o bipartito foi a primeira cousa que fixo Touriño, como moito 6 meses .

D. Nicolás González Casares: Cando chegou o bipartito o poder?.Cando tomou posesión?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixeme.

D. Nicolás González Casares: En agosto, si pasaron 6 meses era 2016, perdón o 2006.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire, cando chega o poder o bipartito a primeira cousa que fai co municipalismo galego é firmar o pacto local no que a parte actora municipal fun eu. Cando empezamos o primeiro ano íanos sobre rodas pero a partir de aí non se cumpriu nada porque había un prazo para rescatar digamos facerse cargo do 100% do que custaba os colexios básicos nos que había uns centros escolares nós que quedaban en mans...

D. Nicolás González Casares: Agora esta en mans do Sr. Rodriguez.

D. Xosé Crespo Iglesias: Faltaba por negociar o persoal non estatutario única e exclusivamente. Os centros de saúde estaban perfectamente regulados como había que collelos, os centros educativos como había que facerse cargo dos gastos etc. Que vostede teña a desfachatez de criticar as políticas solidarias do PP cando a vostede vémolos na prensa estes días sacando peito. Oiga, es que case lle duplicaron as horas que tiña a Xunta e vostedes quéroño poñer como mérito seu, é que teñen un morro que se o pisan, acaban de darlle 2.500 horas a maiores a Xunta de Galicia, é certo ou

mentira?.

D. Nicolás González Casares: 2.520 á comunidade autónoma con listas máis longas de España.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Lalín, que vostede teña a desfachatez de criticar as políticas sociais da Xunta de Galicia cando este Concello é un dos máis beneficiados de Galicia no último reparto que houbo de horas é para facerselo mirar.

D. Nicolás González Casares: Foi un reparto lineal.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si claro foi un reparto lineal por iso vostedes agarran e sacan peito porque é recursos municipais. Non, non, fano con recursos da Xunta. Pero quéronos vender vostedes como as grandes políticas sociais que fan o cuadrupartito de Lalín e é mentira porque llo acaban de dar. Por que se a Xunta non lle dera esas 2.520 horas vostedes ían poñer algunhas?.

D. Nicolás González Casares: Si, está nos orzamentos no seu momento.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa, está nos orzamentos e executaran moi ben, coma sempre. Executaran o 100% dos orzamentos. Eu o que non lle admito a vostede é que critique as políticas sociais do PP cando lle están dende que chegaron aquí incrementando ano tras ano a dotación económica. Mire unha cousa vostede non ten nin puñetera idea do tema das garderías nin da súa historia, houbo concellos rebeldes que non quixeron entrar no Consorcio, por certo que eu defendín a capa e a espada e moitos alcaldes que entraron no Consorcio entraron porque eu pedinlles que entraran porque senón nacía morto. Houbo algúns concellos rebeldes algúns vínculos ao PSOE e máis o Bloque, especialmente o Bloque que non quixeron entrar no Consorcio, entón quedáronse coas garderías clásicas e quedáronse eles co 100% entón solicitan todos os anos unha subvención. Mire se nós non houberamos entrado no Consorcio, que por certo nos fixeron a gardería do Polígono, nos deron a subvención que quedara de Pilar Rojo, perdón non a deron, non a retiraron porque estaba firmada e chegou o bipartito e quería retirala entón eu pactei con Quintana que non nos quitaran esa subvención. De iso sei máis que vostede, non por listo senón por experiencia. Nós metemos as dúas garderías no Consorcio e preguntome eu: vostede ten idea do que lle custaría ao Concello de Lalín se non houbera entrado no Consorcio e as garderías fosen municipais e tiveran que acollerse a esas subvencións gratificables da Xunta que poden darte máis ou menos según dependendo do momento, da crise e doutras cousas. Pois sabe que lle digo rotundamente falso.

D. Nicolás González Casares: Sr. Crespo. Esta falando dunhas cuestións que eu non falei.

D. Xosé Crespo Iglesias: Como que non?. Se dixo que quería decisión nas garderías? Nós perdemos soberanía nas garderías a cambio de que nos pagaran.

D. Nicolás González Casares: Non, pero Sr. Crespo o que digo e que se agora temos que pagar 104.000€ cada ano teremos máis dereito no poder de decisión das garderías.

D. Xosé Crespo Iglesias: Hai unha FEGAMP que ten que negociar. Eu supoño que negociaría.

D. Nicolás González Casares: O feito de que vostede defenda que paguemos os 104.000€ estou un pouco aterrorizado porque ao mellor defende que lle paguemos o que non reclaman de débedas anteriores.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que lle digo a vostede é que as políticas sociais do PP, están vostedes continuamente criticándoas cando son os mais beneficiados de Galicia. Dende que vostedes chegaron aquí dende a Consellería de Asuntos Sociais sempre lle chegou máis dotación cada ano e acaban de aumentarlle unha porcentaxe moi elevado de horas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Rematamos este debate.

D. Xosé Crespo Iglesias: E as garderías serán menos pero é tamén unha porcentaxe importante. Cantas hora tiñamos catro mil e pico, non?. Se naquel momento non entráramos no Consorcio asegúrolle eu que ao Concello de Lalín lle houbera custado o dobre.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos repetindo argumentos.

D. Xosé Crespo Iglesias: De todos estes anos vamos a pagar 104.000€, reparte iso nos anos e verá o que lle toca. Sabe unha cousa, que no caso de Lalín aforrouse pola xestión do anterior executivo un montón de cartos con respecto os que non entraron no Consorcio probablemente non o dobre nin o triplo, catro ou cinco veces máis. Eu o que quero é que quede claro iso.

D. Juan José Cruz García: Visualizo na exposición de Pepe Crespo algún erro retórico, paréceme que si antes si se podía, porque agora non se podería subsanar o 100% destes investimentos?. Tamén observo un erro grande na xestión dos edificios municipais de Lalín. Dende o noso grupo de traballo abrimos as portas tanto á oposición coma o Goberno para o traballo nunha boa idea que temos e que non imos a lanzar aquí pero se queren traballar conxuntamente unha moción para setembro, este concelleiro verá con ela en tempo e forma para intentar conseguir o apoio duns ou outros. Creo que no edificio do Conservatorio se está facendo un esforzo grande que ten que facerse, perdéronse os esforzos da Xunta. Obviamente, hai que ir neste momento contra a Consellería de Educación e Cultura neste tema tanto do conservatorio como os das garderías porque parece que non hai ningunha axuda, tampouco da Deputación. Polo tanto vendo que estamos nun momento de recortes fortes e de que o Concello ten que subsanar as veces cantidades que nos gustarían que non foran, chamamos a este tipo de traballo que intentaremos facer en setembro.

Fóra de calquera outro discurso máis técnico dicir que hai intervencións que rozan o estúpido mencionar aquí o albor cando realmente o teu cuñado é un defensor dese señor.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Cruz eu non son aquí o seu cuñado, son o Alcalde de Lalín. Igual que vostede é un concelleiro, eu estoume

referindo a vostede con respecto. Eu non son o cuñado son o Alcalde de Lalín, a máxima autoridade de Lalín.

D. Juan José Cruz García: Desculpas, se lle molestou.

D. Nicolás González Casares: Unha cousa, eu son amigo persoal do Sr. Albor

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O señor Fernández Albor quéroo moitísimo.

D. Nicolás González Casares: O Sr. Crespo foi ata as épocas de Fraga e eu dixen retoricamente.

D. Juan José Cruz García: Ao mellor non está tan lonxe os postulados de Albor.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quero moito a Fernández Albor.

D. Juan José Cruz García: Moi ben, non teño o gusto de coñecelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa que vostede non respecta a fillos ilustres....

D. Juan José Cruz García: Pero por que teño que respectar?. Eu respecto o bo traballo se abanican coas orellas. É vostede quen leva o discurso político ao seu pai. Agora que me vai a expulsar do Pleno por meter no discurso a o seu pai?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como é un impresentable politicamente falando, xa que o PP cala, voulle dicir que aquí tampouco é o meu pai é o Conselleiro – ex alcalde porque a vostede lle gusta moito falar de muller, pais e fillos . É vostede un sinvergonza político.

D. Juan José Cruz García: Iso é un insulto, dende que decidín irme a non adscrito só insultos. Se vostede meteu a familia en política eu podo falar dela. Eu sei que Xosé Cuíña foi unha persoa moi querida en Lalín eu tamén cometo moitos erros e vostede é quen neste momento mete no discurso a ese señor, eu estou falando de Fernández Albor. Quere embarrar o discurso. Agora non me deixa falar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Respecte o Presidente.

D. Juan José Cruz García: Levoume vostede ata onde vostede quere. Por que leva vostede o Pleno ata onde vostede quere?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Defenda ao seu amigo. Eu estou encantado que se visualice. Eu non quero lios con vostede.

D. Juan José Cruz García: Vostede o que quere é embarullar o discurso.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Cruz son o Presidente.

D. Juan José Cruz García: É o que queres, embarullar.... Pero non me deixa falar?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, espere un segundo .

D. Juan José Cruz García: Voume calmar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quero pedirlle desculpas.

D. Juan José Cruz García: Conto ata dez. Un, dos....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Cruz non se pase.

D. Juan José Cruz García: Pero como que non me pase?. Vostede pode falar e eu non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quen preside o Pleno é o Presidente do Pleno. Entón falará cando eu lle diga.

D. Juan José Cruz García: E eu son un concelleiro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quérolle pedir desculpas o PP polo que dixen de non defender, que non tiñan que meterse no medio. Continúe Sr. Cruz.

D. Juan José Cruz García: Vale, pois fóra disto fago miñas as palabras de Nicolás, paréceme unha exposición que teño que apoiar sobre todo na educación porque son un profesional nesta área xa que me parece que son uns recortes exaxerados, nos que o PP cometeu grandes erros, pero non vimos aquí a solucionar iso porque se non dou solucionado o bipartito e non o da solucionado agora é porque non haberá fondos ou o que diga a Xunta. Agora o que podemos solucionar son certas cousas e que non vou dicir aquí pero fago un chamamento co enfado que ten o Sr. Alcalde non vai falar comigo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non estou enfadado, a min dáme risa, perdóame que che diga. En termos políticos a min dáme a risa e encántame que se visualice.

D. Juan José Cruz García: Xa verás como che vai a dar a risa cando veña a moción de setembro e ti non a negocies comigo. Xa verás como vaiche dar a risa, vaiche dar a risa igual coma no Corpiño e vas ter que ceder e sabes por que? Porque as cousas que son sensatas e que o pobo as visualiza como sensatas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Recoñezo que cando o pobo fala recoñézote sensato.

D. Juan José Cruz García: Xa verás como consideran cando fale para o mes de setembro. Estou intentando abrir as portas para falar contigo e apoiaros.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sabes a diferenza que o PP

representa a miles de lalinense e ti a ninguén, nin sequera a ti mesmo e o grupo de goberno o mesmo.

D. Juan José Cruz García: Eu non quería falar de Xosé. Pois expúlsame do Pleno é vostede o que ten que estar expulsado porque fala do que quere. Mire o principal que quero dicir eu aquí, eu fago un chamamento a Nicolás que incumpriu este último chamamento este mes comigo e é un persoa que ten moi boas palabras por detrás pero diante non cumpre nada. Fago o mesmo chamamento Nicolás a que te sentes comigo e a que se visualice a moción de setembro que sexa conxunta o goberno e o concelleiro non adscrito e ese tema ten que ver neste punto que estamos falando do Auditorio, con iso queda todo dito.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que son cinco (5) concelleiros/as de CXG-CC-TT, dous (2) concelleiro/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a proposta e o expediente, adoptándose o seguinte acordo:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 9-P/2017, a financiar a financiar mediante baixas de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a seguinte finalidade:

En concreto, é necesario dotar a correspondente aplicación orzamentaria para o cofinanciamento das Escolas Infantís de Lalín-Pontiñas e a do Polígono-, xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; para dar cumprimento ao disposto na Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que regula no seu artigo 69 o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e poder facer fronte á achega municipal correspondente ao exercicio 2017 segundo os datos que constan na 1ª liquidación emitida polo Consorcio, é necesario dotar unha achega por importe de 104.400 € (correspondente

coa contía de 900 €/praza/ano *58 prazas cada unha das Escolas Infantís) para o cofinanciamento das Escolas Infantís de Lalín-Pontiñas e do Polígono.

Por último, e coa finalidade da posta en funcionamento da Sala Tuno Valdés do Auditorio de Lalín, é necesario realizar unha reparación interior das zonas afectadas polo temporal de vento e choiva sufrido durante os días 2 a 4 de febreiro deste ano e que ocasionou diversos danos graves no Auditorio municipal. Achégase a este expediente proxecto técnico das actuacións necesarias, elaborado polo Arquitecto Técnico municipal D. Antonio Bernárdez Nogueira, cun orzamento de execución por contrata por importe de 61.966,80 €.

Á vista da documentación que se achega, o Pleno da Corporación do

Concello de Lalín ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario financiado mediante baixas de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
323.453.90.02	Funcionamento centros docentes ensino prescolar e primario Cofinanciamento Escolas Infantís de Lalín: Pontiñas e Polígono xestionadas Consorcio Galego Servizos Igualdade e Benestar.	104.400,00
333.632.30	Equipamentos culturais e museos. Reparación interior Sala Tuno Valdés do Auditorio de Lalín	61.966,80

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 166.366,80 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
132.121.00	Seguridade e orde pública. Complemento de destino	15.000,00
132.121.01	Seguridade e orde pública. Complemento específico	15.000,00
132.160.00	Seguridade e orde pública. Seguridade social	20.000,00
135.130.02	Protección Civil Laboral fixo. Outras remuneracións	10.000,00
135.160.00	Protección Civil Seguridade social	20.000,00
151.130.02	Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Laboral fixo. Outras remuneracións	11.966,80

151.160.00	Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Seguridade social	10.000,00
153.2.130.00	Pavimentación de vías públicas Laboral fixo: retribucións básicas	24.400,00
153.2.130.02	Pavimentación de vías públicas Laboral fixo. Outras remuneracións	20.000,00
153.2.160.00	Pavimentación de vías públicas Seguridade Social	20.000,00

TOTAL BAIXAS 166.366,80 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

8.- EXPEDIENTE 1574/2017. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 15-PXOM.

Deuse conta do presente expediente e do Informe de secretaría de data 28 de agosto de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da **Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial , Tráfico e Seguridade**, do día **31 de agosto de 2017**.

No debate houbo as seguintes intervencións:

D. Nicolás González Casares: Eu creo que disto xa falamos. Esta modificación puntual nº 15 que vai basicamente sobre as instancias das granxas no núcleo rural e de poboación. Hai unha modificación puntual que é 15.1 que fala das distancias das granxas e hai a modificación 15.2 non menos importante na situación en que estamos que permite usos de novas actividades en naves existentes previamente nos polígonos industriais sobre todo no polígono de Botos onde digamos

se foron abandonando e se foron deixando en uso algunhas instalacións industriais e algunhas naves que hoxe non se poderían retomar para diferentes usos dos establecidos previamente. Nalgunhas delas sobre o volume e esixencia edificatoria non permitiría novos usos coa ordenanza municipal en cambio se facemos esta modificación puntual pois algunha destas naves e sobre todo neste polígono de Botos podería ser utilizadas no futuro. Sobra as instancias das granxas tamén sinalar que formou parte dunha negociación co PP aí está Manolo, agradecer a posición construtiva de Manolo Fernández, é verdade, a Paco dálle a risa pero é verdade falamos moito e démoslle moitas voltas a isto e seguramente foi máis lento do que ambos pretendíamos, porque todas as modificacións puntuais teñen uns procesos e unhas audiencias e darlle conta a moitos organismo e moitos estudos e o final chegamos a un acordo onde se rebaixan as instancias sobre todo as granxas avícolas a 500m, decidimos deixar as porcinas a 1.000m por unha cuestión de inseguridade xurídica mesmo no expediente desta modificación puntual consta un informe xurídico que di que baixar as distancias das granxas porcinas por debaixo dos 6000 metros sería un problema de orde xurídico grave para este Concello, non tanto porque a competencia de urbanismo non o permitira senón porque hai unha normativa sectorial sanitaria que din que as granxas de porcos de máis de 1000 porcos teñen que estar a mais de 1000 metros e digamos que noutros concellos tomouse a decisión de probar tesóns con distancias menores pero que está traendo moitos problemas xudiciais entón mentres tanto non se arregle iso vamos a manter os 1000 metros pero si que é certo que hai un acordo tamén tomado con Manolo que é que en canto a lexislación e a situación o permita rebaixar tamén a distancia de porcino.

Nesta modificación puntual hai algo que me preocupa xa no mundo digamos agrogandeiro e é que cando rebaixamos distancias e é certo que fixemos un estudio e hai aplicacións onde se ven que espazos quedan libres con 1000 metros e que espazos quedan libres con 500 metros das granxas existentes e das distancias que ten que haber entre as granxas, temos un sistema de xeolocalización que permite mirar iso con detalle, chámame a atención que o baixar de 1000 metros a 500 metros evidentemente quedan moitos máis espazos libres para facer granxas, iso é evidente, pero digo que me preocupa non tanto urbanisticamente senón da parte agrogandeira é que si deixamos moitos espazos libres para as granxas vai haber moitas máis granxas e iso aumentará moito a produción e poderá ser un problema, ti sabes Manolo do que estou falando, as granxas avícolas a día de hoxe estanse reproducindo moito e están habendo moitas o cal é bo para este Concello pero temo por digamos emprendedores que nalgún momento se a sobreproducción é inmensa poden verse sometidos a tensión como están sometidos o do leite, é dicir eles non controlan os prezos son produtores e hai un comprador que lle ven e lle paga o polo a tanto e iso poder traer problemas na sobreexplotación. Isto non forma parte digamos do eido urbanístico senón que forma parte no eido do mercado agrogandeiro eu creo que é unha boa decisión que toma o Concello que agradecer pola parte do PP que fomos construtivos e chegamos a este acordo que nos permite acordar esta decisión que nos permite modificar puntualmente do Pxom.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós estamos de acordo con esta aprobación inicial da modificación puntual do Pxom e queremoslle dicir ao goberno que sempre nos está criticando que non somos construtivos, cando se conta connosco dende o primeiro momento sen enganar e sen trampas normalmente o resultado vese. Vostedes fan as cousas, eu sei que o Alcalde bufa porque lle recordo que houbo moitos

incumprimentos pola vosa parte. Vostedes cando precisan de nos, humildanse e baixan á area.

D. Nicolás González Casares: Perdoe Sr. Crespo, deixa unha aclaración a modificación puntual iniciouse cando este goberno tiña maioría absoluta e non o precisamos. Pero dixen que quería falar con vostedes e chegar a un acordo sen necesitalo.

D. Xosé Crespo Iglesias: É que non acabei e non sabe o que vou a dicir. Digo que cando as cousas se nos propón en tempo e forma nós somos capaces se damos unha palabra de cumprila. O problema é cando se pensa que sodes máis listos ca nos. O problema é que só queredes que nos comamos os ósos e vos a carne. O problema é cando se ven cousas como se queren e non o quería meter neste Pleno por tanto non o vou meter. Lle comento que vemos na prensa cousas que queren facer vostedes pero que necesitan do apoio da oposición senón non as dan feito, sen embargo véndenas como se foran cousas de vostedes e logo viran decidino: non nós están entendendo. Eu o que sei era o que dicían vostedes con respecto a algún privatización de servizos e vostedes xa venden que van facer pregos e nós que? Nós tocamos a mesa cunha manta ou? Non se dan conta de que necesitan do noso voto para sacalo adiante? Non se dan conta que van meter uns gastos para adiante que se non se chega a un acordo connosco é papel mollado? Entón por que non fan as cousas como é de sensato? E necesiten ou non necesiten nolo propoñen? Vostede quixo sacar isto por consenso e fíxose porque nos somos razoables, o problema é cando se nos mete un dedo no ollo, iso é o que non nos gusta e vostedes estano facendo continuamente. Polo tanto, estamos de acordo con esta modificación e para que vexa que somos construtivos incluso o das naves tamén estamos de acordo aínda que é algo de sentido común pero mellor é regulalo e o que si temos claro é que en todas aquelas cousas que sexa favorecer o sector neste caso primario que é importante que haxa incorporación dos xóvenes que en moitos deste casos algunha das granxas haxa unha nova incorporación e se non fora pola granxa non sería posible, polo tanto iso é fixar poboación no agrario e iso é positivo dende todos os puntos de vista. Nós estamos de acordo e vamos a votar a favor e non se preocupe a poboación mundial é moi grande e como moito, veremos se o planeta é sostible e o damos feito sostible e non se preocupe que por moitos pobos que cruzamos no Deza e en Galicia cando entre a comer todo o mundo que necesite comer asegúrolle que vai haber demanda sobrada sobre todo de carne.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: “ Cando entre a comer todo o mundo que necesita comer”.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xente non come porque non ten con que comer.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Corea do norte

D. Xosé Crespo Iglesias: En vez de tanto bomba nuclear.

D. Nicolás González Casares: Cando se iniciou esta modificación puntual foi case a principio do mandato do goberno, estaremos falando de outubro ou novembro do ano 2015 e iniciouse practicamente despois daquela este goberno tiña maioría absoluta e consolidada e eu sen necesidade do apoio do PP o primeiro que fixen foi

falar con vostedes porque entendía que un asunto das distancias ía moito máis da acción do mandato dun goberno. O que quería evitar é que eu fixese unha modificación das distancias e que logo acabo de catro anos se houbera un cambio de goberno ou de xente que se senta nestas mesas que houbera avocado outro cambio. O que quería era unha perspectiva longa e de futuro sobre este asunto pero non foi por necesidade foi por responsabilidade deste goberno, evidentemente as tornas cambiaron e agora si necesitamos o apoio. Eu dende o principio traballei e creo que dun xeito moi sincero porque vostede tamén sabe que nesta viaxe á modificación puntual incluso nos estiveron malmetendo entre ambos nalgúns sectores para que isto non saíra adiante e mantivemos a palabra e por iso quero agradecerlle a Manolo que sempre se mantivo firme nesta decisión. Eu creo que vostedes o saberá pero digo que a min me preocupa porque a crises alimentarias e sanitarias as estamos vivindo cada pouco e de repente sae un gripe de non se que ou un polo que sae malo en Rusia e iso provoca unha crise que dura 6, 7 ou 8 meses, evidentemente isto serve de emprego para a xente nova no mundo gandeiro. Non da tempo para os Plans de mellora deste ano pero para o ano que ven si que dará tempo, incluso para o ano que ven teremos máis solicitudes de incorporación por xóvenes ó mundo gandeiro.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, dous (2) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a proposta e o expediente, adoptándose o seguinte acordo:**

- A aprobación inicial da modificación puntual Nº 15 do P.X.O.M de Lalín (exp. 1574/2017).

9.- EXPEDIENTE 3834/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA QUE INCREMENTE AS MENCIÓNS A LALÍN NAS SÚAS PUBLICACIÓNS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN.

Ao inicio deste punto, abandona o Salón de Plenos a Interventora Accidental, D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 11 de agosto de 2017 co número de rexistro de entrada 6226. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 31 de agosto de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Bo día. Eu tamén quero darlle a

benvida a Piqui, non sei se a benvida ou darlle o pésame

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Welcome to the jungle.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Ben, a moción que traemos é unha moción que saíu nos medios e xa explicamos e que vou redactar brevemente. Trátase exclusivamente de que Lalín exista con respecto as políticas de promocións turísticas da Xunta de Galicia concretamente da axencia de turismo de Galicia. A axencia de turismo creada para realizar publicacións, relacións das distintas accións de notoriedade do interior do país como no estranxeiro, de todo o conxunto de recursos que poidan existir, iso conforman o conxunto de potenciais locais que suman e conforman este país.

Este obxectivo fica moi lonxe de cumprirse no caso do noso Concello, existe unha incomprendible escaseza de mencións en todas as publicacións que por parte da Xunta de Galicia esta facendo non so nos últimos anos referido ao cambio de goberno en Lalín senón que se votamos a vista atrás do anterior goberno xa existía esta carencia en moitas das súas publicacións. Uns exemplos, se collemos a publicación igual a máis importante que é esta, que é a última que se publicou que se chama Galicia do 2016 vemos que non existe Lalín e que non hai nada digno en Lalín para referirse nesta publicación, cero mencións ao noso Concello nin a Feira do cocido declarada de interese estatal aparece na propia publicación. Entendemos que obviamente quero pensar que é unha gran ignorancia mais cunha mala intencionalidade moi preocupante que debería que denunciar. Se nos vamos por exemplo a publicacións como é outra “Sendas por descubrir” de sendeirismo vemos tamén que falta o sendeiro de Zobra a pesar de estar homologado no 2015. É curioso, este goberno fixo publicacións sobre o camiño de inverno e a Xunta de Galicia non. Se alguén vai a oficina do Xacobeo en Santiago e pide información sobre o camiño de inverno vanlle dar isto: estas fotocopias, mirar que nivelazo, por provincias e concellos, onde curiosamente non existe a provincia de Pontevedra, curiosamente nin Rodeiro que eu sei que o Alcalde Rodeiro está moi ocupado por iso fago unha defensa dos de Rodeiro para quitarlle traballo, tampouco Lalín aparece, pois isto é o que da a oficina do Xacobeo. Eu supoño que isto, non me atrevín a preguntalo, pero supoño que será algo que os funcionarios de turno fixeron alí de boa fe para ter algo que entregar a quen llo pida, isto xa é unha suposición, supoño que a Xunta de Galicia non será quen de sacar isto.

Polo tanto, solicitamos dúas cuestións claras na moción, pedimos dúas cousas: Ter presenza nas publicacións dos nosos potenciais e recursos que algún teremos aos ollos de quen dirixe turismo na Xunta de Galicia. Segundo, que se faga unha guía do camiño de inverno algo que vostedes coinciden con nós polo interese que ten no noso Concello e o noso potencial. Se falamos de cuestións curiosas como poden ser as rutas ofertadas da Xunta de Galicia que hai 11 rutas e nós a pesar de ter unha liña desmantelada tampouco se oferta, ante esta invisibilización da Xunta de Galicia, esta discriminación por parte da Xunta de Galicia pedimos que se modifique por un lado e por outro que faga publicacións tan importante como é o camiño de inverno no que este Goberno está apostando tanto, entendemos ademais que traerá beneficios moi importantes para o que é a economía local.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Bos días a todos, eu tamén quería

darlle a benvida a José Manuel Fernández e desexarte acerto nas túas decisións. Referente á moción desde o PP estamos de acordo nas reclamacións que o concelleiro de turismo fai e pola nosa parte vamos apoiar as súas peticións e votar a favor desta moción que vostede presenta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, dous (2) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o 9 de outubro de 2012 o decreto polo que se creaba a Axencia de Turismo de Galicia e se definía o seu obxectivo básico: impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago. Para o cumprimento deste obxectivo, os estatutos de Turismo de Galicia definen, entre outras, estas funcións: o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia como no resto do Estado e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado. De acordo con esta competencia, Turismo de Galicia vén editando de maneira regular ao longo dos últimos anos diferentes publicacións promocionais que constitúen (ou deberían constituir) máis un dos elementos de difusión da oferta turística xeral do país e da específica dos diferentes municipios galegos. Un obxectivo que, no caso concreto de Lalín, fica moi lonxe de cumprirse.

Unha sucinta análise dalgunhas das publicacións editadas por Turismo de Galicia – e que están ao dispor dos visitantes na Oficina de Turismo de Lalín como un elemento máis e consulta e información aos visitantes- arroxa unha incomprendible e alarmante escaseza de mencións ao propio concello como destino ou a algún dos seus numerosos recursos e atractivos turísticos, incluíndo, entre eles, a propia Feira do Cocido, malia estar declarada como Festa de Interese Turístico Nacional. De feito, as referencias a Lalín nesas publicacións redúcense ás seguintes:

- **Festas de Interese Turístico (2016):** “Festa do Cocido”, na páxina 25.
- **Bosques de Galicia (2016):** Aparece a Fraga de Catasós, páx 72-73.
- **Al natural (2012):** Fraga de Catasós (páx. 34), Serra do Candán (páx. 77), Sobreiras do Arnego (páx. 78).
- **Santuarios Máxicos (2012):** Aparece O Corpiño como parte importante da ruta “O corazón de Galicia máxica”, e menciónase algo de gastronomía e a “Festa do Cocido”, nas páxinas 28-29.

Máis grave aínda resulta a ausencia absoluta de mención algunha no folleto

“Galicia”, o último publicado por Turismo de Galicia (2016). Este é un compendio do que Galicia pode ofrecer ós seus visitantes, cunha grande variedade tanto xeográfico coma en relación ós diferentes tipos de turismo. Resulta rechamante que no concello de Lalín non haxa un só lugar digno de ser visitado nin ningunha actividade recomendable (nin tan sequera o Cocido). De feito a única mención á comarca de Deza é a Fervenzaventura en Silleda, e, aparte do anterior, no xeodestino Deza-Tabeirós só é reseñable o pazo de Oca e a Rapa das Bestas. Outra ausencia notable é no catálogo de sendeirismo en Galicia “Sendas para descubrir un país”, no que non aparece o sendeiro de Zobra, homologado no ano 2015, xa que a edición existente usa datos de xaneiro de 2014.

Mención aparte merece o Camiño de Santiago. A pesar da oficialidade do Camiño de Inverno dende agosto de 2016, aínda non hai distribuídas guías como as do resto das rutas xacobeas. Hai tamén unha publicación “**Camiño de Santiago**” que oferta paquetes confeccionados por unha axencia de viaxes. Un dos paquetes, o “De vinos por la Vía de la Plata”, ten unha etapa que vai de San Cristovo de Cea a Dozón para pasar a continuación a Vila de Cruces, obviando por completo a Lalín.

Asemade, das 11 rutas ofertadas no programa de Trens turísticos de Galicia RENFE/Turismo de Galicia- e malia contar coa liña ferroviaria Santiago- Ourense- non hai ningunha ruta que teña en conta a comarca de Deza.

Atopámonos, xa que logo, case nunha práctica invisibilización ou discriminación de Lalín como destino turístico, unha situación que se prolonga dende hai anos, incluso con gobernos das mesmas cores políticas na Xunta e no Concello. Por suposto, esta circunstancia non se corresponde co papel de centralidade xeográfica de Lalín e, xa que logo, coa súa importancia estratéxica dende o punto de vista das comunicacións e do turismo. Tampouco se corresponde coa abundancia, relevancia e calidade da oferta turística de Lalín, que conta con sobrados elementos- entre eles ser lugar de paso de dous camiños de Santiago e ter unha Festa de Interese Turístico Nacional- para que as referencias ao concello e aos seus recursos e atractivos nas publicacións de Turismo de Galicia sexan moito máis numerosas.

Á vista do anteriormente exposto, **ACORDOUSE:**

1. Instar á Axencia de Turismo de Galicia que, dentro da súa función de aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia se corrixa e se incremente as mencións ao Concello de Lalín e á súa ampla oferta turística nas publicacións promocionais e informativas que edite.
2. Instar á Axencia de Turismo de Galicia a que – a través da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo- elabore, publique e distribúa da maneira máis inmediata posible unha guía sobre o Camiño de Inverno, semellante ás xa existentes sobre as outras rutas xacobeas.

10.- EXPEDIENTE 3835/2017. SOLICITUDE DO PP DE COMPARECENCIA E, NO SEU CASO, PETICIÓN DE DIMISIÓN E REPROBACIÓN DA CONCELLEIRA DE CULTURA, POLA UTILIZACIÓN PRIVADA DUN VEHÍCULO MUNICIPAL PARA A

ASISTENCIA A UNHA PROBA DE OPOSICIÓN EN PONTEVEDRA.

Deuse conta da solicitude de comparecencia presentada o día 10 de agosto de 2017 co número de entrada 6126. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 31 de agosto de 2017.**

D. Xosé Crespo Iglesias: Ben, con esta solicitude de comparecencia o que queremos é que a concelleira nos explique un tema que xa sei que para moitos do cuatripartito lle pode parecer menor e que sen dúbida podería ter menos importancia pero nós consideramos que a ten. Se houbera un pouco de humildade por parte da concelleira e dos outros tres grupos que conforman o cuatripartito, digo de humildade porque o que non se pode é facer unha ollada e encima sacar peito, iso non o imos permitir. Non vamos a permitir que aínda por encima que un comete un erro que pode ser máis ou menos grave, pero a min o que me estrañou é que cando nós pillamos esa ogallada e nos demos conta eu o que pensei é que ía a ver un envaine de sables. O correcto é dicir, oiga sí fixen isto e cometín un erro. Nós pensamos que incluso debía ser a propia concelleira quen solicitara a súa comparecencia para explicalo, con esa humildade que debería ter e que non ten e con ese tirón de orellas que lle debía de dar os membros que conforma o cuatripartito, o mellor nos houberamos dado por satisfeitos porque somos humans e todos cometemos erros. Non me vale como defensa o que oín de membros do goberno, eu recordo que dicían moitos de vostedes que están aquí gobernando con respecto ao coche oficial, cando chegaron a gobernar o que ían que ían facer co coche oficial. Nós pedimos a comparecencia no vindeiro Pleno da concelleira Lara porque entendemos que o que fixo ten unha gravidade política importante porque se os feitos están mal e deben ser reprobados o que está moito peor é ter a chulería de mantelo e non enmendalo porque iso é imperdoable en política. Eu xa sei que ao mellor da traballo, pódelle parecer unha submisión pedir desculpas a alguén do PP nada máis lonxe da realidade, eu non quero que me pida perdón a min nin ó grupo popular, eu o que quero é que lle pida desculpas o pobo de Lalín. En todo caso, nós pedimos a comparecencia e xa lle preguntaremos o que teñamos que preguntar e simplemente facerlle un pequeno recordatorio sobre unha concelleira do PP gobernando.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que Lara non ten dedicación.

D. Xosé Crespo Iglesias: É insignificante. Un asunto dende o meu punto de vista e teremos tempo de analízalo. Eu recordo o que pasou co coche, por certo que non era o coche oficial, senón que era o coche de servizo nun acto municipal e que unicamente fixo que en vez de durmir en Lalín durmiu fóra de Lalín, eu recordo o ensañamento que tivo en concreto o PSOE refrendado logo polo Bloque pedindo a dimisión da concelleira ou que fose cesada por min, eran as dúas posibilidades que me daban. Esta concelleira en vez de facer o que fixo Lara pediu comparecer no Pleno a petición propia, porque se nós fixemos isto é porque Lara non pediu a comparecencia senón non a pedimos nós, iso é para que vexan a diferenza, humildouse é un erro que non ten nada que ver con este pois resulta que pediu a comparecencia propia e explicoulle á oposición e pediron a súa cabeza. Ise é o motivo polo que pedimos a comparecencia porque xa que non foi a petición propia, que

comparezca a petición do PP e no próximo Pleno traeremos unha batería de preguntas para preguntarlle porque para nós non é o que para ela é normal.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Da para unha batería de preguntas, sen dúbida.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se preocupe.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Rematou?. Grazas. Non si se facer preguntas así....

D. Xosé Crespo Iglesias: Cada un.

D. Juan José Cruz García: Queda claro que o pacto de goberno está incumplido, queda claro que no pacto de goberno Manolo Iglesias é unha persoa que debe pronunciarse polo tanto preguntome eu e preguntámonos moitos veciños de Lalín que opinará Manolo Iglesias desta rotura do Pacto, preguntámonos se asistirá como político, profesor, filósofo ou como amigo de Lara ou como persoa influínte en Lara. Quero rematar esta intervención brindando esta serie de argumentos para que así poidas ti repetir tamén argumentos porque as veces aquí neste Pleno se fala de repetir argumentos, a ver se de aquí en adiante non se repiten insultos nin da APAC nin do goberno como facía esta persoa. As cousas que se incumpriron foron no cobrar, despois teño que explicar porque estou nesta situación, agora que explique Lara porque se incumpre reiteradamente o pacto de goberno e o pobo de Lalín ten que abanicar coas orellas.

Dª. Lara Rodríguez Peña: Bo día, o único que me gustaría dicir en relación con esta moción son dúas cousas: a primeira ten que ver cos acordos simplemente é unha cuestión de forma digo para cando vaíamos votar é dicir, no acordo por unha parte solicitan a miña comparecencia e por outra parte solicitan a petición de dimisión e reprobación, é dicir, nós non temos ningún tipo de problema por votar a favor da miña comparecencia, non teño ningún problema de comparecer e fago encantada ese exercicio de pregunta- resposta, pero está claro que o que é a dimisión, xa o falamos o grupo de goberno e tamén o manifestamos nas comisións informativas do luns, é un pouco incongruente que do propio goberno se vote a miña dimisión, é dicir é unha cuestión de forma, nada máis, dicilo aquí por se despois queren dar algún tipo de explicación.

Por outra parte, si que quería manifestar a miña gratitude en relación coa redacción da moción porque ademais que en algúns casos é un pouco absurdo as ideas reflectidas no papel, digamos que a través da moción podería elaborar o meu argumentario e vou comezar, non vou entrar en ningún tipo de debate de se ti máis, non vou facer alusión a Paz e do uso da furgoneta nin tampouco o uso do coche oficial durante os anos de goberno de Pepe Crespo, non vou facer referencia a iso porque dáme exactamente igual. O que me molesta é a actitude que teñen vostede cara min de esa falta de humildade ca que me tildan por non pedir perdón. Eu ao PP non teño que pedirle perdón de nada, vostedes non se sinten representados por min, e iso seino nin eu sentinme representada por vostedes cando estaban gobernando, eu a vostedes non lles teño que pedir perdón de nada, se con iso o relacionan con falta de humildade son a persoa menos humilde da terra, asumo a miña falta de humildade.

Prefiro asumir a miña falta de humildade que pedirles perdón aos membros do PP en concreto, que é un partido que vostedes saben é completamente contrario a miña ideoloxía e completamente contrario a miña forma de pensar, tamén somos conscientes da forma na que está gobernando o PP dende a oposición e se ve en todo o país. O PP o que está levando a cabo é un desgaste dos gobernos do cambio.

Cíngome unicamente ao que é a moción, é dicir, a min si que me fai gracia, é certo que eu utilicei o coche nunca o neguei e se alguén que non sexa o PP se sentiu ofendido por favor que se achegue onde min eu teño as portas do meu despacho abertas para darlles as explicacións pertinentes ou se algún veciño o veciña de Lalín quere que lle pida perdón por utilizar ese coche para ir a Pontevedra debido a que tiña un Pleno, tamén o digo. Dende logo supoño que na comparecencia tenderei que responder ese tipo de preguntas. A min o que me fai gracia é a alusión que fai ó equilibrio de forzas, é dicir, manifestan que o equilibrio de forzas non variaba para nada, eu non sei, é certo que son de letras, pero contar aínda se me da algo ben, polo menos ata dez. Nós o que é o goberno de Lalín somos 10 concelleiros e concelleiras se unha persoa falta estamos en minoría, porque doutro lado aparecen concelleiros e concelleiras do PP e un concelleiro non adscrito, é dicir, eu creo que a presenza dos concelleiros que estamos aquí si que é fundamental e a pesar que os expedientes se votaron nos primeiros puntos eu estaba ausente, hai algo que se chama moción de urxencia que estades moi acostumados a levalo ultimamente. A min o argumento de que eu non son imprescindible no Pleno paréceme completamente absurdo, sobre todo porque realmente quen despois se contradín son vostedes na propia moción porque xusto despois falando dese Pleno tan importante alegan que o goberno non puxo os medios suficientes para que os concelleiros asistiran, entendo que ninguén é imprescindible ou son só imprescindible os concelleiros do PP e máis o concelleiro non adscrito, soamente son vostedes imprescindibles no Pleno do Concello de Lalín e un membro do goberno non. Por outra parte, aquí xa podo rematar e contestar ó concelleiro non adscrito, nós asinamos un pacto de goberno é certo e no pacto de goberno tal e como establecedes na moción falabamos da eliminación de gastos puntuais e superfluos como coche oficial, é dicir, a nomenclatura do coche paréceme absurda é un debate no que tampouco vou entrar, o coche oficial non sei se teño que recordar que hai unha diferenza notable do uso que se fai dese coche co uso que se facía antes soamente por iso o nome de oficial xa queda eliminado no momento en que o goberno entra aquí. Non sei de quen ríen podería ir no audi coma noutro coche, da igual. Ao mellor se fora noutro tipo de coche xa non habería problema porque non é oficial, si que habería problema pero non entraríamos no debate de oficial, entendo eu. Ese coche está aí para o uso de todos e todas é un coche que está a disposición de todos os traballadores do Concello porque realmente o que utiliza ese coche habitualmente non somos precisamente os políticos e políticas desta casa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ben?. É que é unha solicitude de comparecencia por iso o digo.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Un momento. O que?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que ti queiras.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Unicamente quería rematar dicindo ao concelleiro non adscrito que non entendo moi ben a súa intervención, coma sempre. Está cheo de

contido e as veces custame saber da súa pertinencia neste Pleno. Eu o que me quería remitir unicamente o uso do coche oficial, a palabra oficial que tanto molesta e que realmente o pacto de goberno estase cumprindo en todo momento, é que non entendo moi ben cal é o debate porque os vehículos do Concello estarán a disposición a todo o goberno para facer tarefas do concello? Si, creo que non hai nada máis en relación a todo isto. Nada máis, gracias. Poden empezar a vomitar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Hai unha película dunha persoa que está sentada en Galicia na zona do río Eiro que si amanece no es pouco no que un paisano dicíalle ao Alcalde todos somos continxentes pero ti é necesario, dígoos en relación co que dicía antes Lara. É un pouco un símil do que está pasando na política local. Guste máis ou menos á oposición en Lalín non existe coche oficial.

Non existe coche oficial como tal quero dicir non existe o coche do Alcalde. Non lembro ter criticado ao anterior alcalde nin a existencia dese coche como tampouco lembro ter criticado a festa dos maiores. Como tampouco lembro criticar a festa dos maiores, algunhas veces teño axudalos na organización. Na miña vida critiquei iso e o coche do Alcalde. O audi, con valor de mercado bastantes máis baixo de calquera outro coche que se compre para o Concello para a brigada de obras por así dicilo é un coche que utilizan funcionarios, políticos... Eu entendería se se entera alguén que vou a ver un partido do Real Madrid a Madrid no coche oficial e volvo nel iso si me parecería un motivo para pedir a dimisión, estou seguro que o Sr. Crespo non fixo cousa semellante, eu tampouco. Eu utilízoo as veces para ir a Portugal para o Eixo Atlántico e pouco máis. Como saben todos os cidadáns todos os días saio da miña casa en Filgueira no meu coche e aparco onde aparcan todos os veciños e non necesito que esperen por mi para que almorce ninguén, falo por min. A min si me parecería motivo de dimisión coller o coche e ir a ver o Real Madrid, Barcelona, Sevilla por dicir unha cousa ir o partido e volver.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eh, non non, perdón.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ah si, como sempre remato eu as intervencións. Adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu recoméndolle ao Sr. Alcalde que se reserve para o próximo Pleno.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Gracias pola recomendación Sr. Concelleiro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Recoméndolle eu e xa dará as explicacións pertinentes porque alguén terá que autorizar o uso dese coche. Eu desde logo non. E sobre as falacias que aquí se verteron sobre o coche oficial. Mire eu tamén lle digo como vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que falacias?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede como eu seguro que sabe moito de coches oficiais. O coche oficial do Concello de Lalín, chámalle como queira, pero é a mesma cousa se vostedes lle poñen outra denominación parece que arranxaron o problema,

non, segue sendo exactamente igual que era antes. O que pasa que como vostedes queren ir de progres e modernos queren cambiarlle a denominación das cousas para seguir facendo o mesmo. Bueno, é o seu problema, eu pódolle asegurar que nese aspecto teño a conciencia moi tranquila. Eu no coche oficial nunca mandei a miña muller a ningún sitio.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente:Eu tampouco.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, eu lle digo a raíz da intervención que acaba de facer. Eu nunca levei os meus fillos á universidade no coche oficial.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente:Eu tampouco, non están en idade de universidade.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, non sei se me entende que o que quero dicir é que se algunha dúbida tiñamos do PP de que puidera parecer excesiva a comparecencia da concelleira, despois da súa brillante intervención non temos ningunha porque chulería a que se queira, prepotencia a que se queira; pero vostedes que pensan os de esquerda, os comunistas?. Que vostedes teñen patentes o curso para facer o que vos da a gana? O que vos facedes está bendicido pola variña máxica de deus e se o facemos o partido (a intervención non continúa, foi interrompida polo Alcalde).

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pepe ti eres capaz de facer un discurso dun nivel máis alto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Perdón.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bastante máis alto. Ti non eres outro. Os comunistas é de vergoña.

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixeme falar. Mire eu estou farto de amonserga porque temas que poden parecer menores politicamente non son menores. Isto pode parecer un tema menor no que supón a nivel de gasto do Concello pero politicamente non é un tema menor e politicamente encima ten agravante de que encima a concelleira saca peito, pero aquí bótanse os coellos as escopetas, pero por favor!. Un pouquiño de mesura. Oiga se eu cometín un erro o cometín e non pasa nada e mire Sra. Lara o PP non ten que pedir perdón, vostede ten que pedir perdón o pobo de Lalín ó PP non, o PP somos unhas persoas máis do pobo de Lalín. O PP somos a oposición e temos a obriga dalgún xeito de vixiar ó goberno é unha obriga constitucional e cando cremos que o goberno fixo unha cousa mal temos a obrigación de dicilo e politicamente é correcto, porque eu a vostede persoalmente non lle desexo ningún mal a nivel político estou nas antípodas súas, polo tanto a nivel político o que pensa vostede de nós, nós pensamos exactamente igual que vostedes, non teña ningunha dúbida. Ten un tempo razoable e como noviña que é en política doulle un consello faga o que vostede queira pero pense que as cousas non son coma vostede pensa, é dicir a min paréceme moi ben sacar peito do que hai que sacalo do que non hai que sacalo hai que pasar de puntillas canto máis rápido mellor porque eu non podo entender esa prepotencia que ten vostede de encima de facer a ogallada e presumir. O pobo de Lalín é ao que ten que pedir perdón non o PP, o PP estamos aí para

fiscalizar o que fan vostedes e moito pregoar os de esquerdas que as veces dáme a sensación que os de esquerdas pensades que tedes lexitimidade para facer o que vos da a gana e que é perfectamente legal e non o é, aquí a vara de medir ten que ser igual para todos para os de dereitas, para os do medio e para os de esquerda e os que somos de centro- dereita temos o mesmo dereito que vostedes a facer as cousas que nós consideramos oportunas vostedes pon o grito no ceo e cando vostedes non o fan como están tocados da varíña máxica se o fan vostedes é totalmente normal, pois non!.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale, vexo que te sitúas en centro-dereita iso está ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: Polo menos teño unha situación, non son coma vostedes que quere pactar co PP que lle vale con outro. Polo menos eu estou nun sitio. Eu sitúome en centro-dereita e a moita honra.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Centro- dereita reformista.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, como vostede queira.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sabe a diferenza? Que eu por riba de calquera sigla están os intereses de Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, por riba de calquera sigla está o seu ego.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Mire, estiven anotando da súa primeira intervención e dixó 14 veces eu, eu, eu e logo o ego é o meu.

D. Juan José Cruz García: Eu primeiro vouche dar un consello, vou valorar o teu paso por política é un paso valente sendo nova e sen ter traballo é unha cousa que debe valorar a cidadanía e ti fixecheo cuns compromisos que se romperon, eses pasos que se dan sendo novos ó mellor son inconscientes e esa inconsciencia eu quero que o visualice o pobo de Lalín. Agora levo o discurso cara outro lado, sodes un partido político que loitados pola independencia, declarádevos independentistas, gústavos as tendencias máis cara a esquerdas. A min non me paréceme mal pero o principal valor. Isto é unha intervención na que teño que incindir polo tanto pido máximo silencio. Mira está moi ben loitar pola independencia, jatarse e encherse a boca con palabras que as veces temos que volver atrás, mesmo eu teño que volver atrás porque todos cometemos erros, eu tamén pensaba que o Senado non valía para moito, vaia carallo se non vale o Senado para bastante. Entón se estamos falando dun partido independentista se estamos falando de loitar pola independencia o primeiro que ten que ter unha persoa que ten que sentarse nun Pleno é defender a todos os veciños é ser el independente por si mesmo,e para ser independente non podes utilizar un coche publico, ti tes con os teus propios fondos atenerse as consecuencias, iso é o primeiro consello que te dou. Probablemente é un acto que tes que reflexionar tes valores, tiveches valor pero hai que ter independencia e ten que ser persoal e é primordial para acadar independencia, se queres marchar da casa tes que ter algo para poder marchar da casa, cando queres defender co teu voto os veciños de Lalín tes que ter independencia, loita primeiro por esa independencia.

Ti dixeches nesta intervención que tedes a maioría. Mira tedes a maioría na moción de censura, porque este señor non se cansa de dicir que deixou na vontade do pobo, e non quixo falar en ningún momento de moción de censura. Nunha moción de censura tedes a maioría no resto non tedes a maioría, non sei se sabes sumar. Se poñemos hipotéticos supostos que puideron xerar neste Concello se é importante ou non a túa comparecencia, si que é importante e agora non quero deixar pasar a miña prima, Katia, que non esta aquí puido facer deixadez de funcións e puido que algunhas mocións de máis ou menos importancia foran adiante. Eu recórdoche por exemplo que a miña abstención nos orzamentos dos cemiterios fixera dar adiante esa é a vosa iniciativa, eu absténdome aí fixen que esa moción fora vosa, hai moito interese do alcalde de levarme a un lugar ou cara outro. Na moción de Vilariño tedes que recoñecer que tamén apoien moitas cousas boas vosas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos facendo unha solicitude de comparecencia, se é tan amable. Fin do debate.

D. Juan José Cruz García: Vale. Estoume metendo no debate. Ela di no debate que tedes a maioría, dime onde tedes a maioría. Tedes a maioría nunha moción de censura, si estades todos unidos senón no tedes a maioría. Polo tanto, comezar esta intervención falando de absurdo creo que che queda un pouco grande. A primeira persoa que falou neste Pleno que hai cousas que se poden facer, como pagar un taxi, se logo defendedes a devolución dun telefono móbil... Pagar un taxi creo que é o mínimo que podesde facer, eu fun a primeira persoa que defendín ese postulado, paga un taxi, foi un erro pero non pasa nada.

Por outra parte, Manolo Iglesias que se enche a boca dicindo que non é político que se pronuncie sobre todas as cuestións do pacto de goberno que se romperon e se non se pronuncia é que xa pode afirmar que non é político pero se segue participando nas reunións do pacto de goberno algo na vida política local debe participar, polo tanto tamén meto esa persoa aquí. Esta intervención vai un pouco máis alá, estamos no tema da independencia, faláronse moitas cousas que non ten moito sentido, reitero que o Senado ten moita importancia e se loita pola independencia, primeiro loitar pola independencia persoal para con erros ou con acertos poder defender a un mesmo para logo defender os demais.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas grazas. Eu quero darlle a benvinda a Marea, APAC, o independentismo.

D. Juan José Cruz García: Mire. Podo falar?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, xa agotou as intervencións.

D. Juan José Cruz García: Vou falar, aínda que me pese a expulsión. Vou falar. Esta señorita esta semana exaltou a figura de Méndez Ferrín que é un independentista e o digo aquí ou en Roma e vouno dicir onde faga falta. O partido dela loita pola independencia se ti vas por un camiño e apoias a grupos que mencionarei neste Pleno cando me apeteza, sodes independentistas, estais apoiando a independentistas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Lara, eu creo que non vale a pena.

D^a. Lara Rodríguez Peña: É independentista APAC, en Marea? É unha curiosidade, onde pon que é independentista?.

D. Juan José Cruz García: Estouche mencionando a Méndez Ferrín e ti fas un discurso apoiándote neles, te apoias en Manolo Iglesias que foi e é militante e ti xa sabe todo o mudo o que eres. Na APAC hai máis xente que Manolo Iglesias.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón. Eu pídlle que reifique o que acaba de dicir “Xa sabe todo Lalín o que é”

D^a. Lara Rodríguez Peña: Que son? Independentista, comunista.

D. Juan José Cruz García: Non rectifico nada. Sabe todo Lalín o que é Lara e o que é Manolo Iglesias. Manolo que se presente no próximo Pleno a falar do pacto de goberno e do uso do coche oficial. E ti, deféndete. Dixestes que non ibades utilizar o coche oficial. Deféndete e punto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que si sabe todo Lalín. Bueno o que estamos vendo. Menos mal que se fai en streaming. Benvidos o independentismo, ao mellor igual con iso temos algunha opción no futuro.

Sometida a votación ordinaria a solicitude, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Nove (9) do grupo de goberno. Sendo cinco (5) de CXG-CC-TT, dous (2) do PSdeG-PSOE, un (1) de APAC e un (1) do BNG.

Abstencións: Ningunha.

Xa que logo, adoptouse o seguinte acordo:

O pasado 30 de xuño de 2017, a concelleira de Cultura e voceira de APAC, Lara Rodríguez, tal e como recoñeceu en sucesivas declaracións nos medios de comunicación e confirmaron o alcalde e tenente de alcalde, desprazouse a Pontevedra para participar nunha convocatoria do Tribunal de Oposición ao que estaba chamada. Para dito desprazamento, que tivo como único obxectivo participar na convocatoria do tribunal opositor e por tanto un fin exclusivamente privado e persoal, a concelleira utilizou un vehículo municipal asignado ao goberno -un Audi A6- e requiriu os servizos de persoal municipal, en concreto do funcionario que desenvolve as tarefas de axente notificador e tamén de chofer, cando é requirido para esta última función.

Unha viaxe que foi totalmente privada e persoal e que se realizou con medios municipais. Uso privado que a concelleira e o goberno tentaron maquillar, sen o máis mínimo arrependimento nin amago de desculpas, argumentando a necesidade de que

a concelleira chegase a unha sesión plenaria na que a propia Lara Rodríguez non tiña ningún punto para intervir na orde do día. Ademais, os expedientes máis importantes para o goberno aprobáronse nas dúas primeiras horas do pleno, que foi precisamente nas que non estivo a concelleira, co que dificilmente se sostén ese argumento. En definitiva, era para vir a unha sesión onde o equilibrio de forzas non variaba para nada, polo que se veu. Desculpa e interese de que o pleno estivera ao completo que dificilmente se pode manter, cando o propio goberno, no pleno máis importante do ano, non só non puxo todos os medios para que os concelleiros da oposición puidesen estar presentes, senón que colocou a data xusto no día en que o voceiro popular tiña sesión na Cámara Alta e unha concelleira popular estaba recén operada. Posturas contrapostas que deixan en evidencia os argumentos do goberno.

Os populares lembran tamén a Lara Rodríguez, como protagonista do uso privado de medios públicos, e aos seus socios de goberno Rafael Cuiña e Nicolás Casares, que asinaron un documento público de compromiso cos veciños no que se recolle textualmente a “Eliminación de gastos suntuarios e superfluos como coche oficial e comidas institucionais” e tamén a “Supresión dos coches oficias e do chofer. Os vehículos do Concello estarán a disposición de todo o grupo de goberno para a realización de tarefas do Concello”. Compromisos totalmente incumpridos e que os socios de goberno tentaron salvar neste caso con eufemismos que para o único que serviron foi para lle chamar ao mesmo coche e ao mesmo chofer, con distintos nomes, pero desenvolvendo a mesma función que criticaban.

A postura da concelleira e os seus socios Cuiña e Casares, tentando defender o indefendible e buscando o xeito de enganar os veciños para non cumprir o tantas veces prometido, contrasta ca adoptada no seu momento por partidos socios do goberno como BNG e, especialmente, PSOE que esixiron a dimisión dunha concelleira popular por ter asistido nunha furgoneta municipal a unha visita cuxa motivación única e principal era totalmente municipal. Unha petición de dimisión, que sen ruborizarse, non solicitaron á concelleira de APAC e concelleira de Cultura.

Así as cousas, e diante dos pobres argumentos e explicacións ofrecidos neste tema pola concelleira e polo goberno.

O Pleno, **ACORDOU:**

- 1.- Solicitar a comparecencia na sesión que corresponda da concelleira de Cultura, Lara Rodríguez Peña, para que de explicacións claras e concretas sobre a utilización do vehículo municipal Audi A6 e do chofer/axente notificador para unha viaxe privada a Pontevedra para realizar unha das probas da oposición.
- 2.- Aprobar a petición de DIMISIÓN E REPROBACIÓN, no seu caso, da concelleira Lara Rodríguez por ter utilizado medios públicos municipais, como os apuntados, para fins estritamente privados.

11.- EXPEDIENTE 3833/2017. MOCIÓN DO PP PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E Á SOCIEDADE DE CAZA E PESCA DE

LALÍN A QUE ACTÚEN DE XEITO COORDINADO NO CONTROL DO XABARÍN.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 14 de agosto de 2017 co número de rexistro de entrada 6250. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 31 de agosto de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Manuel Fernández López: Benvida ó novo concelleiro. Esta moción ven aquí pola seguinte razón. O día 12 de maio eu desplazei a Santiago e tiven unha reunión coa Directora Xeral de Medioambiente no cal lle puxen enriba da mesa os problemas que temos e que teñen os nosos gandeiros de Lalín. Ela entedeuno e díxolle que había que facer todas as batidas posibles e se é posible avanzar o tema da caza porque a situación do xabalín é moi preocupante neste momento para os nosos gandeiros. A Directora díxome que ía a falar ela persoalmente co Presidente da Sociedade de Caza de Lalín e que non habería ningún problema en conceder todas as batidas que foran necesarias e que foran solicitadas, eu agradecínlle a situación porque entendín que a cousa ía ir por ese camiño e ese mesmo día reuníame co Presidente da Asociación de Caza, José Mariño, expliqueille tamén o problema e expliqueille a situación que dixo a Directora e el tamén dixo que sen ningún problema que xa miraría a situación e que ían a pedir todas as batidas que eles consideraban oportunas. Pasou o mes de maio, xuño, xullo ata que chamei no mes de agosto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Algunhas se están facendo.

D. Manuel Fernández López: Si, pero este ano houbo unha situación que dado o clima. Eu púxeme en contacto co Presidente da Asociación de caza e o que me respondeu, é que a solicitudes que fixo Pontevedra se as fixo, que non me ensinou, que lle viñera totalmente denegadas, porque para facer unha batida tiña que haber primeiro o dano. Eu quería dicir algo neste tema, o agro hai que coñecelo, hai que traballalo e hai que pisalo. As normas do agro fanse no despacho pero as veces non se entende o que se di e o que se fai. Para haber danos se primeiro hai que denunciar os danos para haber batidas, pois vamos a ir a sembra do millo por exemplo, porque ao mellor nunha noite nunha finca o xabarín destrózzalle a finca, a sembra xa se fastidiou, se facemos a denuncia en canto volve a sembra retrasase, entón o que ten que facer o gandeiro e volver a sembrar, pero iso non garantiza que dentro de 4 ou 5 días os mesmos danos se volvan a facer. Polo tanto, o das denuncias non ten ningún sentido co agro. Por iso, vímonos obrigados a presentar esta moción para que as cousas non volvan a pasar e a Directora de Medioambiente se pasa a pelota uns a outros. A Directora díxome que non houbo danos o ano pasado que a partida lle sobrou. Pero este ano houbo gandeiros que reclamaron os danos a semana pasada. Onte un técnico de Medioambiente chamoulle por teléfono e díxolle que non había presuposto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que non había?.

D. Manuel Fernández López: Presuposto para os danos que se efectuaran.

Aquí encontrámonos un problema os gandeiros que vivimos desa situación. Eu presento esta moción para que se poñan de acordo tanto a Consellería de medioambiente como a Sociedade de Caza e que fagan o que teñan que facer porque senón os gandeiros nos veremos obrigados non sabemos a que. Eu xa levo moitos anos loitando por isto e quero dicirle a Directora Xeral e o Presidente da Sociedade de caza de Lalín que este concelleiro non se vai cansar e tampouco vai permitir que o enganen porque eu non fun a Santiago pedir favores a ninguén eu fun poñer un problema que tiñamos enriba da mesa, igual o digo co Presidente da Sociedade de Caza.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias Manolo, agradezco coma sempre o teu ton construtivo e que é unha moción entendo que necesaria e agradézoche. Tamén me da a sensación que esta directiva da asociación de caza e pesca de Lalín que non os gusta moito o PP, é unha sensación eh? Pero iso é lexítimo.

D. Nicolás González Casares: Eu en primeiro lugar dicir que a moción está ben, non vas a contar con o noso apoio. Cando vos interesa sodes do PP e gobernades a Xunta e ides a Santiago e cando non os interesa dicides tedes que ser vos os que ides negociar alí, un pouco de seriedade ou estamos nun sitio ou noutro en todas as ocasións non segundo me interese; con isto non quero menoscabar o teu traballo que é certo que o fixeches e sei que estás preocupado polo tema. Pides medidas de control, vou dicir unha cousa: A medida de control do xabarán é necesaria porque hai unha evidencia xenérica en todos os gandeiros que chega o mes de agosto e parece cando crece o millo aparece destrozados pero eu creo que temos que facer un diagnóstico de como está a fauna algo que ten que facer a Consellería de Medioambiente e a Xunta de Galicia, realmente saben a densidade do xabarán por exemplo nesta comarca?, sábese? Hai algún dato?. Outro día fan na Estrada unha batida e matan a dous xabaríns, en outras batidas collen vinte e nestas non colleron nin cinco ou seis.

D. Juan José Cruz García: Hai moito.

D. Nicolás González Casares: Xa sei que hai moito, pero cuantifiquemos ese moito porque logo tamén entramos en contraposición co asunto do lobo, tamén hai que exterminar o lobo?. Unha das formas de control do xabarán é a presenza do lobo, é dicir, se hai xabaríns pequenos o lobo os pilla os colle e pápaos, o control dun provoca o descontrol doutro e iso é algo que ten que facer a Consellería de medio ambiente, tomar decisións en base a un diagnóstico.

Por outro lado, é evidente que hai uns damnificados que son os gandeiros que están sufrindo danos día tras día xa que están sementando leiras para logo alimentar o seu gando e chega o mes de xullo e agosto e quédanse sen nada despois de inverter moitos cartos e traballo; de feito hai algúns que están indo por outros cultivos que son menos apetecibles para o xabarán. Eu creo que dende a Xunta de Galicia ten que facer primeiro un deseño do control da fauna que existe, saber que fauna hai en cada comarca e facer unha boa avaliación de danos. Segundo, non enganar os gandeiros dicindo que soliciten axudas, crear un protocolo de como denunciar os danos do xabarán chame 012...pero realmente todo iso non funciona porque como ti dixeches é que non quedan cartos que non organizan batidas, ao final todo o que se di

non vale para nada, eu creo que é momento de seriedade, de facer un estudo de como esta a fauna e saber exactamente por onde van esas cuestións, saber a densidade de poboación de cada un dos animais que existe no monte para tomar esas medidas. Que hai que facer batidas? Seguramente haberá que facer varias pero que sexan autorizadas pola Xunta de Galicia e que os cazadores teñan a vontade de realizala. Día tras día os gandeiros din que están perdendo cartos, a min me gustaría tamén que se cuantificaran os danos existentes nesta comarca. Se existen xabaríns e se están aumentando a fauna tamén iso ven derivado do fracaso dunhas políticas que teñen que loitar polo despoaboamento e contra o abandono do medio rural, é dicir se hoxe en día hai máis xabaríns que hai dez anos ou quince é realmente porque hai moitas leiras e sitios abandonados que son tomada pola fauna. Polo tanto, totalmente de acordo na túa moción pero a min gustaríame que incidiramos na necesidade dun diagnóstico real da situación da fauna salvaxe no momento galego e en concreto nas comarcas gandeiras porque iso pódenos dar unha idea realmente de quen fan os danos e de como se poden controlar ese danos que a día de hoxe non os temos.

D. Manuel Fernández López: Vamos a ver Nicolás, como dixen antes a terra hai que traballala e hai que saber o que se di, os xabaríns non sabemos cantos hai porque non ten crotais.

D. Nicolás González Casares: Para iso están os biólogos.

D. Manuel Fernández López: Os biólogos si. Os xabaríns vémoslos en manadas cando os encontramos as veces vemos dez, doce, 2,5 ou a veces ningún. O problema é que hai danos e eu vouche dicir un caso cando era presidente por iso dixo o Alcalde que esta sociedade non é moi simpático o PP, eu falo por min tiven sempre moi bo contacto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É unha impresión.

D. Manuel Fernández López: Alá cada quen coa súa. Cando houbo está situación que levo loitando moito con isto que cando nos desplazamos a Santiago a Pontevedra que estaba o Presidente e fixeran moitas batidas e reduciranse moitos os xabaríns e houbo menos danos os gandeiros porque a densidade dos xabaríns era menos. Esta situación deu resultado, pero logo deixouse outra vez en abandono e agora todo o mundo quere pasar a pelota a todo o mundo e aquí hai un problema e hai uns perxudicados que son os gandeiros non é a Consellería de medioambiente, non é a sociedade de caza, non é a Xunta de Galicia, somos os gandeiros. Polo tanto o que pedimos aquí é que isto non se repita, que se faga algo e que automaticamente sabemos que risco cero non existe e ata aí estamos de acordo, e así o plantexei a Directora Xeral, non imos pedir danos cero o que queremos é que se controle por ambas partes. Se foron A Estrada uns cazadores ou unha cuadrilla e mataron dous. No mes de abril, maio e xuño non podemos facer batidas porque é a cría. Aquí hai uns danos para os gandeiros ano tras ano que vai en aumento e polo tanto quen ten que controlar a situación da densidade, volume é a Sociedade de Caza que anda polo monte xa que os xabaríns non se marcha de vacacións, desprázanse pero viven aquí. Como pedimos que hai que traballar en conxunto non me vale que me digan que pedín a Pontevedra esas batidas e nos as deron, é un traballo entre todos, o que espero que se faga a partir de agora é que o faga conxuntamente e esperemos que isto dea resultado e non pedimos nada máis.

D. Nicolás González Casares: Pois deberíades pedir máis porque o que se está vendo é unha deixadez de funcións absoluta por parte da Xunta de Galicia se hai uns danos.

D. Manuel Fernández López: Vai por aí, a min dáme igual. Se queremos que veña o Conselleiro a cazar o xabarín.

D. Nicolás González Casares: Manolo quen ten as competencias en Medioambiente e en medio rural? O Concello? A Deputación?. Tenas a Xunta de Galicia. Por certo e as competencia de Medio ambiente, saber como está a fauna no medio natural de Galicia tenas a Consellería de medio ambiente non a Sociedade de Caza, quen ten que facer os censos de animais que existen no noso territorio é a Xunta de Galicia ou vámoslle pasar a pelota tamén a Sociedade de Caza. A Sociedade de Caza terá que cazar os xabarís cando lle autoricen as batidas iso é o que ten que facer a sociedade de caza e a Xunta de Galicia autorizar esas batidas e medir a situación de cada un dos elementos que existen no territorio e se hai danos compensar os gandeiros neses danos, porque non vexo que reclames que compensen os danos os gandeiros, non os estás pedindo. E logo dígoche outra cousa, fálanche máis cousas nesta moción: Primeiro, medidas preventivas. Eu estoulle dando cousas que podemos incluír e podemos incluír que a Xunta de Galicia indemnice os gandeiros que sufran danos polo xabarín, podémolo incluír, a que si?.

D. Manuel Fernández López: Si, claro.

D. Nicolás González Casares: Pois incluímolo á moción. É unha emenda que presentamos a esa moción, en primeiro lugar. En segundo lugar, outra emenda nesa moción que gustaríame que se incluíra, que se estableceran subvencións para medidas preventivas nos cultivos que se puideran ver afectados polo xabarín, por exemplo peches ou pastores. En moitos sitios onde se puxeron peches, evidentemente os xabarís non entran porque hai moitos gandeiros que tomaron medidas e non sofren os danos. Evidentemente todas esas medidas preventivas teñen un custe e se o custe o vai a asumir só o gandeiro a Xunta de Galicia volve a facer deixación das súas funcións. Polo tanto, centrémonos no problema, existe un problema de danos como ti dis e é certo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Algo máis?.

D. Nicolás González Casares: Non, non. Espera que está falando e que tome nota. Existe un problema de danos entón eu propoño dúas emendas a esta moción: Primeira, que se indemnice os gandeiros cando os danos sexan demostrables e seguindo o protocolo que establece a Xunta de Galicia. Non vale dicir que en xullo non hai orzamentos, cando os danos normalmente son en agosto, iso non nos vale, non é serio. Segunda emenda, que dote aos gandeiros de medidas preventivas para o control do xabarín como peches perimetrais ou pastores perimetrais para facer fronte o que hoxe en día cremos que é unha praga pero tamén as pragas hai que diagnosticarlas, é dicir toda epidemia necesita un diagnóstico para o seu control e parece que esta epidemia non ten ningún tipo de diagnóstico por parte da Xunta de Galicia.

D. Manuel Fernández López: Por alusións. Nicolás eu non sei a quen queres beneficiar nin contra quen queres ir.

D. Nicolás González Casares: Eu quero defender os gandeiros e ti só estas salvagardando os interese da Xunta de Galicia.

D. Manuel Fernández López: Eu dixen e critiquei en todo momento a Xunta de Galicia, é que non estiveches atento.

D. Nicolás González Casares: Si, ata un punto. E logo criticaches á Sociedade de Caza.

D. Manuel Fernández López: Non, non. Eu non critiquei á sociedade de caza o que pasa é que non estades escoitando, hai que estar atentos cando un fala.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Un pouco si, eh?.

D. Manuel Fernández López: Estades falando e co móbil, non escoitades. Aquí hai unha xente que ten un problema que son os gandeiros. A Xunta de Galicia ten que facer o seu traballo e a sociedade de caza ten que facer o seu traballo. Hai unha situación, ti estas pedindo pastores... Falades e despois non sabes o que digo.

D. Nicolás González Casares: Falaches antes con Crespo.

D. Manuel Fernández López: Si bueno, si. Vamos a ver eu agora que se pidan pastores, pero vamos a ver a que a que xogamos?. Isto é un cachondeo. Eu tiven que pechar unha finca nunha hectárea co pastor, figúrate ti si teño que pechar sete fincas. A solución total non existe pero o que estamos pedindo é que haxa mais batidas é que se reduzan os xabaríns e o que estamos pedindo é que a Sociedade de Caza, que non estamos en contra dela, é que son os que teñen que cazar os xabaríns non é a Xunta de Galicia no que hai un desacordo entre Medio ambiente e a Sociedade de Caza. Por iso presentamos a moción e que non a imos a tocar. Nicolás se ti queres presentar unha mellor ou que de mellor resultado.

D. Nicolás González Casares: É o que dixen, que na emenda habería que aumentar a partida. Manolo acaba de dicir que estaba agotada en xullo, que fai falta é unha evidencia.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero hai unha partida.

D. Nicolás González Casares: Si, pero se se esgota en xullo, os danos principais son no mes de agosto.

D. Manuel Fernández López: É cando se sembra e cando se recolle.

D. Nicolás González Casares: Claro, e cando se recolle? En agosto e setembro.

D. Manuel Fernández López: Fraco favor vámoslle facer os nosos gandeiros se entre nós empezamos a marear.

D. Nicolás González Casares: Estouche dicindo...

D. Manuel Fernández López: Escóitame Nicolás, que polo que vexo o Concelleiro de Agricultura non está e non sei quen va a ser. Fraco favor lle facemos os gandeiros se nós aquí non temos as ideas claras e a Xunta de Galicia e a sociedade da caza non está de acordo.

D. Nicolás González Casares: Entendo que non aceptades a moción de solicitarlle a Xunta de Galicia que se amplíe a partida para paliar os danos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Metemos unha na seguinte e xa esta.

D. Nicolás González Casares: Pois vamos na seguinte.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E andamos así. Manolo é que non nos estades ningún favor, é dicir podemos aprobala conxuntamente porque por agora as emendas son bastantes lóxicas.

D. Manuel Fernández López: Que te cres que este concelleiro vai de estar de acordo cos danos os gandeiros?.

D. Nicolás González Casares: Dixeches que non.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É precisamente por iso.

D. Manuel Fernández López: O que está claro é. Que Sociedade de Caza, Decores de Galicia e a Xunta de Galicia cando se poñan nunha mesa que falen dos problemas que teñen os gandeiros, igual que falan doutras cousas. Ese tema non se toca ata que os gandeiros empezamos a dicir "oiga esto é un cachondeo".

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo.

D. Nicolás González Casares: Agora si te quero dicir unha cousa, que falabas que eras o único que muxe a vaca. Vouche facer unha pregunta: Se a Consellería de agricultura e gandería muxían vacas?.

D. Manuel Fernández López: O único que sufro os problemas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vamos a concretar. Aceptades a emenda?

D. Juan José Cruz García: Teño que asumir que é unha moción de moita importancia e sumir o meu descoñecemento na materia e dado o meu descoñecemento na materia non podo aportar moitas resolucións e como non podo aportar moitas resolución só vou facer unha intervención rápida.

A min paréceme que control e xabaríns son case dous termos antónimos e coordinar ou controlar isto é moi difícil, niso creo que estamos todos de acordo. O

diagnostico creo que o están diagnosticando os veciños de Lalín, o difícil é controlar o xabarín. Fora de estas divagacións creo que deberíamos potenciar ademais a nivel local un grupo de traballo para intentar aportar solucións, aportar ideas para o control do xabarín. Por isto eu vería positivo que dentro deste grupo de traballo que fixera reflexionar o pobo se invitara a xente e se invitara a persoeiros de diferentes ámbitos para poder mellorar a situación. Obviamente preocupaba a situación do xabarín e me quedo pequeno para intentar aportar solucións para o control do xabarín.

D. Nicolás González Casares: Votamos coa emenda?. A emenda sería solicitarlle a Xunta de Galicia que implemente ou suplemente a partida destinada os danos que teñen os gandeiros por mor do xabarín.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo non?

O Secretario Accidental: E iría como un terceiro punto non?

D. Nicolás González Casares: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso é do PSOE?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Do PSOE non, do grupo de goberno. Sería o mesmo de vos máis a emenda. Votamos a emenda ou directamente todo, Sr Secretario?.

O Secretario Accidental: Se o grupo municipal do PP, que presentou a moción, acepta xa incluír a emenda, non sería necesario votala. Senón, como queiran decidir.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois veña se o autoriza o Secretario votos a favor da moción do PP máis a emenda.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que son cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, dous (2) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a moción coa emenda referida e adoptouse o seguinte ACORDO:**

No ano 2016, os danos provocados nas plantacións de gramíneas, especialmente de millo, polo xabarín foron moi importantes e afectaron a predios de numerosas parroquias, o que acreditou o importante número de porcos bravos existentes. Uns danos que certificaron que as medidas de control do censo de porcos bravos no noso Concello, pese a que se fixeron numerosas batidas, non serviron para minimizar os danos ás plantacións.

No mes de maio de 2017, e cando xa se tiña producido os primeiros danos, o concelleiro do Partido Popular que asina a presenta iniciativa, mantivo senllas reunións coa directora de Patrimonio Natural e co presidente da Sociedade de Caza e Pesca de

Lalín para que a administración e colectivo de cazadores activaran as medidas necesarias, e contempladas nos plans de control de danos por fauna salvaxe, para minimizar os danos producidos por estes voraces mamíferos.

O compromiso acadado por administración e asociación deportiva lalinense, tendo en conta o *status* especial de Lalín en relación ao xabarín, foi o de traballar en conxunto ambas para tentar minimizar, xa dende o inicio da campaña, os danos provocados por este animal. Uns autorizando as batidas que se solicitasen, e o outro tramitando as peticións e organizando as batidas necesarias.

Dende aquelas reunións, cos correspondentes compromisos acadados, das que pasaron case tres meses, producíronse multitude de danos en numerosas fincas de parroquias do Concello de Lalín. Danos que, se ben non supuxeron casos moi chamativos por afectar a espazos moi grandes en fincas concretas, si significaron unha afección máis pequena por finca, pero nun número importante de elas, co que a superficie afectada foi realmente importante.

A casuística que se está a dar, na maioría dos casos con gandeiros con varias fincas afectadas pero con pequenas extensións, está a provocar que non presenten as pertinentes denuncias e solicitudes de indemnización ante Medio Ambiente da Xunta de Galicia. O traballo burocrático e a molestia, ao ter que presentar finca por finca con superficies pequenas, retrae esa posibilidade. Ao ser menor o número de denuncias, non por falla de danos senón por falla de tramitacións, provocase a tesitura de que a problemática do xabarín na nosa zona poida semellar estar baixo control, cando non é a realidade.

Segundo as informacións trasladadas aos populares, a Xunta de Galicia negou nos últimos tres meses as autorizacións solicitadas pola Sociedade de Caza e Pesca de Lalín, da que tampouco constan as solicitudes de batida. Sexa como sexa, nos últimos meses non se produciron batidas nin accións de control, co que o xabarín estaba nas últimas semanas campando ás súas anchas nas plantacións de millo da

comarca. Co que provocaron numerosos danos nos predios de millo que van a supor unha redución importante nunha colleita moi necesaria, nun momento en que os insumos propios no agro galego son a clave entre que unha explotación sexa rendible ou non.

Así as cousas, tras novos contactos do que subscribe coa consellería de Medio Ambiente e a Sociedade de Caza e Pesca de Lalín, o pasado 11 de agosto, autorizáronse batidas que estaban paralizadas ou que non se estaban a realizar pese aos danos.

Dende o Partido Popular entendemos que o control do xabarín, en zonas como a nosa en que provoca importantes danos ás plantacións, é unha cuestión que se debe abordar dun xeito coordinado entre a consellería de Medio Ambiente, que outorga permisos e xestiona as accións de control da fauna, e a Sociedade de Caza e Pesca ou os Tecores, que son os que coñecen a situación dos montes, o censo de animais e que leva a práctica as accións de control.

Partindo da premisa anterior, os populares entenden tamén que en zonas como

Lalín e a comarca de Deza, cunha casuística particular, as accións de control e as batidas deben realizarse ao longo de todo o ano, non só en período de plantación, crecemento e colleita das gramíneas, cando xa é imposible facer un control rigoroso do número de animais e menos minimizar os danos aos gandeiros.

Polo que o Pleno, **ACORDOU**:

- 1.-Solicitar á Consellería de Medio Ambiente que se articulen e autoricen todas as medidas necesarias –batidas, campañas, etc- para controlar a poboación de xabaríns no Concello de Lalín e que con elo se minimicen os danos causados nas plantacións por este mamífero.
- 2.-Que a Consellería de Medio Ambiente e á Sociedade de Caza e Pesca de Lalín actúen dun xeito coordinado no control do xabarín con accións a desenvolver ao longo de todo o ano, independentemente do número de denuncias que se presenten e en función do censo real deste animais.
- 3.- Solicitarlle á Xunta de Galicia que implemente ou suplemente a partida destinada os danos que teñen os gandeiros por mor do xabarín.

12.- EXPEDIENTE 3995/2017. MOCIÓN DO PP PARA QUE SE TOMEN MEDIDAS EXCEPCIONAIS POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA E DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN DE AREEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA COMBATER A PRAGA DE VESPA VELUTINA.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 28 de agosto de 2017 co número de rexistro de entrada 6652. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 31 de agosto de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Xosé Crespo Iglesias: Sabido é de todos que o Concello de Lalín conta co maior número de envasadores de mel rexistrados na indicación xeográfica protexida “Mel de Galicia” somos o mellor o que non producimos máis pero si que temos un maior número de envasadores deste país. A estes produtores hai que sumarlle centos de colmeas e cortizos en tódalas parroquias lalinenses. Ó marxe de que a vespa velutina todos sabemos que veu para quedarse eu quero subliñar que é un problema moito máis grave do que parece a priori, alguén pode pensar que é unha simple vespa que o que fai é de vez en cando comer algunha abella pero o problema da vespa velutina non só é a perda económica que lle supón os que se dedican a colleitar mel, senón que non ten depredadores naturais en Galicia nin en España e polo tato campa as súas anchas e crece en progresión xeométrica, é realmente difícil de combatir. As veces da a sensación de como se chama a protección civil e quitan a dous ou tres niños que xa está o tema controlado, os niños que se lle fai fronte son a centésima

parte dos que pode haber, un niño de velutinas grande pode producir duascenas reinas e cada reina pode montar o seu particular tinglado e polo tanto, o crecemento exponencial pode ser dunha magnitude incalculable.

O problema xa non é só o feito de que os que teñen abellas se queden sen elas e os prexudique economicamente senón que o problema é que as vespas non comen só abellas senón que acaban con todos os insectos polinizadores, estas métenlle o dente a calquera cousa o problema que iso pode producir é que o ecosistema sufra, xa hai quen di que Galicia non é tan verde, os ecoloxistas sempre son bastantes alarmistas e aínda que en moitas cousas se pasan a hora de facer postulados hai quen vaticinan que Galicia non é tan verde como hai uns anos por culpa da velutina. Dicían que este bicho non vivía por mais dos 500 metros. Pero é mentira si que vive, e ben, eu creo que todos os esforzos que se fagan son poucos. Viamos estes días que en varios sitios había unha certa voz de alarma pero eu o que quero subliñar é que ademais de dicilo hai que facer algo pola gravidade que require o asunto e a Xunta de Galicia ten por unha parte a responsabilidade da gandería apícola que dependería de medio rural, ten por outra parte conservación da natureza que depende doutra consellería. O feito de que a vespa campe as súas anchas hai que tratalo como un problema grave para Galicia non só no aspecto gandeiro, logo ocorrúeseme falando con xente do grupo porque as veces vaticinas sobre o problema do xabarín que é un dos problema graves pero o da velutina non é menor, porque nos países de orixe xa empezan atacar a seres humanos e xa mataron algúns, o feito de que unha colmea que está nunha árbore ata esta semana ocorreu creo recordar nun pobo de A Coruña nalgún medio o vin onde esta nunha árbore e os madeiros botáronse a eles e tiveron que ir ó hospital, en China xa morreron bastantes persoas porque se ti pasas cunha máquina e por exemplo unha simple segadora e o niño está metido nun buraco dun prado e pasas por riba coa segadora pois ao mellor poden liquidalo. O problema xa non é de gandería sempre, é un problema grave.

Ademais de solicitarlle a Xunta de Galicia este asunto ocorreuse tamén á finca Areeiro e digo porque: a finca de Areeiro da Deputación é probamente a mellor finca de investigación en España, eu coñezo aos investigadores de alí porque durante un tempo fun responsable desa finca xunto con Mouriscade e sei como traballa o señor Mansilla e o seu equipo aínda que non sería a súa competencia xa que a estación así o din: estación fito-patolóxica, eu lémbrome que durante o problema de goniteros que como saben era unha larva que comía os eucaliptos buscóuselle solución e criábase alí unhas vespas africanas especiais que logo se vendían polo tanto recuperaban unha parte de inversión de investigación a Deputación e vendían esas avisvas que se soltaban nos eucaliptos e terminan erradicando os goniteros. Eu non sei o grado de interese que pode ter os investigadores pero estou convencido de que aínda que isto non é un tema fito-patolóxico, sí é un problema de saúde humana e é un problema a contribuír que o ecosistema non sufra demasiado e polo tanto é un problema que escapa xa a unha liña concreto. Creo que a mellor finca especializada en España para poder estudar as debilidades deste insecto aínda que non é o seu cometido, o máis preparado dende o meu punto de vista e experiencia eu creo que a finca, os investigadores de Areeiro. Por tanto, pedimos:

1. Que o Concello insta á Xunta de Galicia a que redobre os esforzos con respecto a vespa velutina.

2. Que o Concello inste á Deputación para que a través da finca Areeiro se investigue esta praga para poder combater bioloxicamente este insecto invasor como xa fixo con grandes resultados pioneiros cos goniteros de eucalipto.

3. Que se cree unha comisión municipal de estudo no Concello de Lalín composta por un membro de cada grupo político que así o desexe e o grupo de envasadores para estudar o problema e facer un seguimento da mesma, porque na Estrada vai un pouco por diante nosa no que toca a praga, o ano pasado xa tivo unha afección tremenda A Estrada con respecto a Lalín, pero xa vedes que este ano matou colmeares enteiros.

Entendemos que o problema é grave e que os afectados somos todos. O que pretendemos con esas cousas e no caso de que se aprobe que se faga unha xestión coa Deputación de Pontevedra no sentido político da palabra, é dicir, no só mandarlle a moción senón poder explicalo, podemos incluso dende a Deputación o permite falar co investigador ó que coñezo e trato e que sei da súa avalía e que a deputación lle pida que aínda que non é da súa competencia que bote unha man.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Teñen vostedes as nosas predisposicións para o que están pedindo.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Bos días, nós estamos totalmente de acordo con esta moción, no mes de abril acercouse a min un apicultor e grazas a el empezamos a dar unhas charlas por tódalas parroquias sobre esta problemática, que no mes de abril era cando a reina empezan a facer os seus niños. O ano pasado debemos quitar sobre cincuenta niños en todo o ano, este ano ata o día de hoxe levamos trescentos vinte, si que é unha praga grande e estamos totalmente de acordo coa moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estes días vin unhas imaxes onde estaban experimentando incluso con petardos o que pasa e que logo tolean as avespas e atacan, non é o sistema polo que estiveren vendo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Co que dixo Medela dos trescentos niños.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Trescentos vinte.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ei quitei tres niños en Filgueira pero non dixen nada en protección civil. Non ten máis problema, eu collín unha paleta e raspei para unha bolsa tapeino e metino no conxelador. Quero dicir que non é tan grave como parece, Antonio dixo que liquidou cincocenta, non é tan difícil. O problema e cando colles unha máquina e se botan todas a ti, poden matar a unha persoa e se a persoa é algo alérxica é un problema grave. Dígoche que non hai trescentos niños, ao mellor hai tres mil niños.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Dígolle o que levamos sacados. Basicamente hai moitos máis.

D. Xosé Crespo Iglesias: Velo nunha terraza, árbore. Se está metido nunha árbore pode non velo, non vai vendo cara enriba. Por tanto non hai trescentos, hai tres mil ou máis.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Dixen que retiráramos trescentos, non que haxa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Despois de saber as colmeas que liquidou cada un, que esta moi ben, procedemos á votación.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que son cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, dous (2) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a moción adoptándose o seguinte acordo:**

O Concello de Lalín é o concello de Galicia que conta cun maior número de envasadores de mel rexistrados da Indicación Xeográfica Protexida “Mel de Galicia”; co que, por extensión, é tamén dos concellos que conta cunha maior produción deste ouro líquido galego. Contando con catro dos seis envasadores censados na provincia de Pontevedra, o mel procedente do noso Concello é tamén dos que máis calidade acredita, como reflicte o feito de que nas Catas organizadas pola Xunta de Galicia anualmente, son habituais un ou dous produtores recoñecidos entre os que producen os mellores meles do mercado galego.

A demanda de mel de calidade no mercado europeo medra de ano en ano, co que o futuro deste sector debería estar garantido, atendendo a unha dinámica de mercado moi favorable. Aínda que a nivel profesional, no Concello de Lalín son catro os produtores/envasadores deste produto rexistrado, son moitas as colmeas e cortizos que se asentán no medio cento de parroquias para consumo propio e tamén para reparto entre veciños e coñecidos.

Nos últimos tres anos, de xeito especial no anterior e no presente, a produción de mel sufriu un importante retroceso como consecuencia de dous factores que marca a produción das colmeas: a seca e os ataques da “vespa velutina” –que mata as avellas e atemoriza as colmeas que reducen a súa produción-. Un retroceso na produción que no ano 2016 que a Asociación Galega de Apicultores (AGA) cifrou entre un 30 e un 40%, cunha especial incidencia nas zonas costeiras de Pontevedra e A Coruña, pero que se foi intensificando de xeito importante nos últimos meses nas zonas do interior.

Na nosa comarca, os concellos de Lalín, Silleda e Vila de Cruces, están xa no segundo estadio de afección da “vespa velutina”, con entre 25 e un centenar de casos detectados oficialmente –segundo os datos do Plan de Vixilancia e control da Vespa Velutina da Xunta de Galicia 2016, actualizados a 22 de agosto de 2017-, aínda que con moitos máis detectados e solucionados polas xentes do rural. Cunha progresión exponencial preocupante, e con casos en moitas das parroquias, a Xunta de Galicia dotou ao GES de Lalín de material para eliminar os niños deste insecto invasor e iniciar –unha pértega específica para estes traballos- unha campaña de eliminación de niños e raíñas para minimizar o impacto desta especie tanto nas colmeas como na convivencia cos veciños que se ven ameazados pola presenza de niños cerca das

vivendas e explotacións.

O plan de control da praga deste insecto invasor que puxo en marcha a Xunta de Galicia implica dúas medidas: A detección e eliminación precoz de niños e a captura de raíñas, co obxecto de conter a expansión deste insecto. Dúas medidas que non impediron a progresión e aumento de casos no termo municipal.

Tendo en conta a importante progresión de “velutina” dos últimos meses na zona e a importante produción de mel de calidade dos 4 envasadores do Concello e a multitude de colmeas repartidas polas 51 parroquias, faise necesario redobrar os esforzos para minimizar o impacto desta praga na produción melífera lalinense e a colaboración entre administracións para reducir o crecemento da mesma.

Pragas anteriores como as detectadas nas plantacións de eucalipto de Deza e Tabeirós requiriron de medidas de control biolóxico –solta de *anaphes nitens* para eliminar o *gonipterus* que desfolloba os eucaliptos- que poderían aplicarse tamén neste caso, para que a “velutina” non acabe ocupando un nicho ecolóxico que neste intre ocupan tanto as avellas, as avespas ou o avispon autóctono (vespa crabro) que conseguiron un equilibrio que permite tanto a produción de mel como a convivencia ordenada cas poboacións humanas.

Os estudos realizados ata o de agora, nas súas primeiras fases, apuntan precisamente á belixerante “vespa crabro” como unha primeira opción para que estes insectos autóctonos sexan os encargados de defender os seu propio nicho ecolóxico e con elo impedir o asentamento desta avésa asiática.

Xa que logo, aprobouse a moción e adoptouse o seguinte **ACORDO**:

- 1.-Que o Concello de Lalín inste á Xunta de Galicia a que redobre os esforzos para combater a “vespa velutina” e se adopten medidas excepcionais para o control da mesma.
- 2.-Que o Concello de Lalín inste á Deputación de Pontevedra para que a través do Centro de Investigación Areeiro dependente da mesma se investigue esta praga para analizar a posibilidade de combater biolóxicamente este insecto invasor, como xa fixo con grandes resultados, pioneiros en España, co *gonipterus* do eucalipto.
- 3.-Que se cree unha comisión municipal de estudo no Concello de Lalín composta por un membro de cada grupo político, que así o desexe, e os envasadores inscritos na IXP para estudar o problema e facer seguemento da mesma.

13.- EXPEDIENTE TRAMITADO POR URXENCIA 3940/2017. RECURSO DE REPOSICIÓN ADCUDICACIÓN SAF, SERVIZOS SOCIAIS A COMUNIDADE S.L.

Deuse conta do expediente de urxencia presentado por Nicolás González Casares.

D. Nicolás González Casares: Nós traemos aquí un asunto por urxencia que é conforme a un recurso que presenta de todas unha das empresas que se presentaron

á contratación do SAF. Ten que vir por urxencia porque o recurso presentouse creo que o día 24 e entón se non viña a este Pleno a contestación do recurso chegaría fóra de prazo. Como sabe Paz o mesmo día ue tiven coñecemento disto chameina e mandeille a documentación. No contrato do SAF á licitación presentáronse dúas empresas unha resultou adxudicataria que é Galaurea despois dunha valoración de informes técnicos e melloras.

Sr. Secretario Accidental: Ao principio da súa exposición eu entendín que estaba referíndose á motivación para poder votar a urxencia. Pero unha vez que estaba entrando xa no contido do recurso, teño que dicir que, antes de nada, debe ratificarse a urxencia.

Por unanimidade dos asistentes presentes (20 concelleiros dos distintos grupos municipais) acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF, aprobado por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

D. Nicolás González Casares: A urxencia é por iso porque senón chegaría fóra de prazo a contestación do recurso. Realmente o recurso que presenta a outra empresa non a adxudicataria senón a outra que se presentou xa ten un defecto de forma porque ía dirixido á mesa de contratación que non é o órgano de contratación. O órgano de contratación é o Pleno municipal. Logo fala de cuestións que digamos ao entender da Técnica de contratación quen foi quen fixo o informe para responder a esta alegación, fala de cuestións de valoracións técnicas pero aquí non houbo ningún tipo de valoración técnica, houbo unha cuestión de valoración numérica, é dicir, se se pedía unhas melloras e se cumpría dábase uns puntos e se non cumpría na medida dábanse outros, é dicir, en base a un baremo establecido de puntuacións non había ningunha valoración dunha memoria técnica como por exemplo se fai noutros pregos que se pasa unha memoria técnica e os técnicos avalían esa memoria cunha determinada puntuación. Aquí non había esa valoración numérica, era todo en base as melloras cuantificables e iso é o que fai por parte técnica de contratación unha recomendación para digamos desestimar o recurso. Tamén en tempo e forma a empresa que resultou adxudicataria fixo outra alegación entendendo que a alegación que fai a outra parte, a non adxudicataria, non está conforme a dereito e polo tanto o que se propón a este Pleno municipal é desestimar o recurso municipal interposto por Servizos Sociais a Comunidade S. L e adxudicar a Galaurea como xa estaba previsto na anterior que xa se aprobou no Pleno anterior. Basicamente o motivo son os prazos porque non chegaríamos o seguinte Pleno, é dicir aínda tendo o Pleno de agosto se houbera sido en agosto vería con máis urxencia ó igual teríamos que facer un Pleno extraordinario en setembro porque realmente o órgano de contratación somos nós o que representamos a Corporación de Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós estamos de acordo na urxencia porque obviamente os prazos son os prazos iso non o cuestionamos. O que si imos dicir é que xa nalgún momento o dixemos é que o problema do SAF non é que haxa algún recurso dunha empresa que iso é impecable, pode habelo. Concurso que saques e a empresa se vea agraviada pode presentar un recurso, iso non depende do goberno nin é cuestión da xestión ou mala xestión do goberno. Simplemente o que si achacamos o goberno é o retraso en todo este proceso do SAF que tivo que ter

empezado moito antes o SAF levastelo tarde mal e arrastro eu o que vexo aquí é un retraso dos prazos. Por que se tardou tanto en adxudicar o SAF? Estiveches aí para adiante, abaixo, hai algunhas cousas que son imponderables no retraso, pero vos levasteis isto cunha calma e desto o problema que non o vais a arranxar vos e eu como goberno entendo que o rexeitedes iso, eu faría o mesmo. O problema é que se a empresa que agora non lle aceptades o recurso como é normal que non se lle acepte, se vai a un contencioso e o gaña, o Concello ten un problema grave e vostede sabeo. Estas cousas tamén hai que negociarlas, porque vamos a ver cando as cousas non son tan claras é cuestión de chamar cando só eran dúas empresas, se non se levan ben por separado e falase as cousas é dicir, nunha palabra intentar negociar e arranxar que non vaia nada por recurso porque se o recurso o gaña a empresa o Concello vai a ter un problema económico de primer orden. Isto en certo modo pódese negociar, eu moitas veces fixeno e non me doen prendas ningunha. Pon as cartas boca arriba e dilles: Mira, aquí están os informes técnicos. Supoño que esa negociación xa a fariades ,non?.

D. Nicolás González Casares: Eu ademais do que dixeches antes, calquera empresa é libre de presentar un recurso no contencioso. A empresa por exemplo non vai o Tribunal de Contratos que podería ir porque isto si que lle tería custe, é dicir, se sae desestimado. O anterior recurso que puxo Galaurea cando estaba no proceso aínda de licitación ese non tiña custe pero agora si que tería polo que me informan os técnicos de contratación,. Se vai a un contencioso creo que hai elementos moi fortes para defender ese contencioso porque como ben dixeches o final da intervención a empresa que recorre da a entender que nós tiñamos que prexulgar se unha empresa dispón dos medios ou non e iso non se pode facer antes da adxudicación, é dicir hai medios que se adscriben posteriormente á adxudicación, entón a parte que recorre di: non, esa empresa non ten esos medios, esos medios non se poden avaliar ata que se firme o contrato e se preste o servizo porque tampouco a empresa reclamante pode dicir que ten eses medios.

D. Xosé Crespo Iglesias: Coa empresa que reclamou, sentácheste para lles explicar iso?

D. Nicolás González Casares: As cartas boca arriba están en todo momento coa empresa que non se presentou na apertura de plicas a maioría das veces, a adxudicataria si que veu, estos son expedientes que veñen a Pleno, son expedientes públicos e a empresa ten acceso os expedientes en cada momento do proceso e a apertura de plicas pode estar. Cando un contrato deste tipo ven a Pleno ábrese en canal porque todos os expedientes pasan a ser públicos a ademais calquera parte pode facer unha reclamación e ver o expediente doutro unha vez que están abertas as plicas. Que imos negociar con todas as empresas que perden?. Eles non anunciaron en ningún momento recurso, apareceu o recurso hai uns días e a técnica de contratación díxome que o recurso non vai a ningún lado. Tamén hai que saber as dinámicas existentes entre as dúas empresas que ti eres coñecedor e supoño que Paz tamén coñecedora.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non sei.

D. Nicolás González Casares: Pero Paz seguro que si sabe as dinámicas existentes. Litigan constantemente e unha das empresas ten problemas coa outra

dende hai moito tempo. Eu creo que ven o problema máis ben derivado entre as empresas que un problema existente co Concello de Lalín.

A técnica de contratación fai un informe bastante contundente e eu evidentemente fago esta proposta porque creo que é de dereito e o menos problemático para este Concello, aínda que tomo a palabra e faremos esa xestión.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Procedemos... Procedemos a darlle a palabra...

D. Juan José Cruz García: Eu quero falar!!!! (gritando)

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ten unha amoestación. Procedemos a darlle a palabra ao concelleiro non adscrito. Era o que iba a dicir, pero bueno, como estas así...

D. Juan José Cruz García: Bueno, eu quero falar.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois estou dándoche a palabra.

D. Juan José Cruz García: Primeira cousa hoxe: neste Pleno dicir que un informe non pode vulgar os medios ou non.

D. Nicolás González Casares: Prexulgar.

D. Juan José Cruz García: Prexulgar. Eu fago a pregunta a Nicolás González ou como se chame. Houbo informes no Concello que ditaminaron que cos recursos que propoñía unha empresa non se podían acadar os obxectivos que se lle demandaba? Apunte ben esa pregunta señor secretario. Sigo falando eu, quero preguntarlle o señor secretario: que responsabilidade pode acarrear o meu voto?. Podo ter eu responsabilidade sendo o órgano de contratación o Pleno?. Podo ter eu algunha responsabilidade votando a favor?.

Sr. Secretario Accidental: Si, claro.

D. Juan José Cruz García: Si claro.

Sr. Secretario Accidental: Vamos a ver, cada un dos membros da corporación son responsables do sentido do seu voto. Se hai un informe técnico como é este caso do informe da técnica de contratación en un sentido e o voto é acorde con ese informe, en principio a responsabilidade está respaldada por un informe técnico. Se o voto e contrario a ese informe, está no seu dereito cada un dos membros da corporación, pero evidentemente non ten ese respaldo xurídico dese informe.

D. Juan José Cruz García: Vale.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estou de acordo co exposto polo secretario; aínda que, no Concello de Santiago, foron inhabilitados os membros da Xunta de Goberno, pese a contar con informes que amparaban o seu voto.

D. Nicolás González Casares: Pero iso foi a Xunta de Goberno.

Sr. Secretario Accidental: Por iso precisamente dixen en principio.

D. Juan José Cruz García: Quero deixar constancia e que quede en acta que ao concelleiro non adscrito para nada se lle informou dos informes que houbo sobre este proceso nin ningunha información acerca desta moción por urxencia, ningunha información. Polo tanto, o concelleiro non adscrito vai demandar o PP que se pronuncie publicamente antes do meu voto sobre o seu voto que acabo de preguntaros agora mesmo e que por favor na segunda intervención digades o sentido do voso voto porque para min é importante. Non permito que se sorría nin que me se interrompa. Para min é importante porque esta moción é unha moción que anteriormente votei a favor pero podo cambiar o sentido do meu voto porque eu non quero asumir responsabilidade do goberno. Fóra disto, esta todo dito, desinformación total cara o concelleiro non adscrito que se esta enterando desta moción agora mesmo e da pouca información que pode acadar é a través da prensa que leu hoxe a mañá e estes días. Repito a pregunta que quero que conste en acta e se pode ser no turno de preguntas que non vou estar hoxe, repito: Houbo informes no Concello de Lalín que ditaminaron que cos recursos que propoñía a empresa non se podía acadar os obxectivos?. Gracias.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A min o que me gusta é falar en terceira persoa como Xulio César, iso está moi ben. PP queredes dicir algo máis? Entendo que non. Entendo que polo que dixo o Tenente Alcalde, porque eu non seguín o proceso, que se os foi comunicando permanentemente o tema

D. Nicolás González Casares: Vouche dicir a cronoloxía, creo que foi Fátima quen avisoume ás 13:30horas que tiña feito o informe e as dúas e pico mandei un e-mail. A ti non paseitelo porque eu falei con Paz porque realmente era quen ía a controlar isto.

D. Juan José Cruz García: A min non pasouma, iso que quede en acta.

D. Nicolás González Casares: Déixame acabar a min polo menos. Eu chamei a Paz pola tarde, Paz non me puido contestar por un problema persoal. O día seguinte chamáronme do grupo do PP que necesitaban dúas cousas máis que faltaban e é certo que nin eu había visto, paseillas inmediatamente e logo a Paz expliqueille a urxencia porque digamos enteramonos simultaneamente.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que xa está todo. Dios mío hai que ter unha paciencia.

D. Juan José Cruz García: Quero que quede en acta que demando o señor Alcalde de Lalín que cando se dirixa ao concelleiro non adscrito Juan José Cruz utilice as formas verbais no tempo que ten que utilizarse porque aquí quen dirixe o Pleno é o Alcalde, falamos primeira persoa do plural “o concelleiro non adscrito pode entender que estamos procedendo a votación conxunta os 21 dunha moción”. Polo tanto a próxima vez que se dirixa ao concelleiro non adscrito que sepa que se ten que dirixir en primeira persoa do singular, por favor. Que quede en acta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Alea acta est.

Sometido o expediente a votación ordinaria, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sendo nove (9) do grupo de goberno dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, dos (2) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG.

Votos en contra: un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: sendo dez (10) do PP.

Xa que logo, o Pleno da Corporación acordou resolver o Recurso de Reposición do seguinte tenor:

Visto o recurso de reposición presentado por SERVICIOS SOCIAIS Á COMUNIDADE S.L. contra o acordo do Pleno da Corporación de 30 de xuño de 2017 en virtude do cal se acorda adxudicarlle o contrato de servizos denominado “SERVICIOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA, (SERVIZO DE AXUNDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA)” (CSE072016) á empresa GALAUREA S.L con CIF núm. B-36494458.

Con data de 4 de setembro de 2017 emitíuse informe pola Técnica de Contratación respecto do recurso plantexado. O citado informe é do seguinte tenor literal:

(...)

1.- OBXECTO DO INFORME: este informe ten por obxecto resolver o recurso de reposición presentado por SERVICIOS SOCIAIS Á COMUNIDADE S.L. contra o acordo do Pleno da Corporación de 30 de xuño de 2017 en virtude do cal se acorda adxudicarlle o contrato de servizos denominado “**SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA, (SERVIZO DE AXUNDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA)**” (CSE072016) á empresa GALAUREA S.L con CIF núm. B-36494458

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do Sector Público.
- Lei 7/1985 de 4 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se deroga a Directiva 2004/18/CE (en diante DN).

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen no expediente de contratación denominado “**SERVICIOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA (SERVICIO DE AYUDA EN EL HOGAR PRESTACIÓN BÁSICA Y PARA PERSONAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA)**” (CSE072016).

3.- ANTECEDENTES DE FEITO:

O Pleno da Corporación Municipal na sesión celebrada o día 26 de maio de 2016 aprobou o expediente de contratación e os Pregos que rexen na licitación obxecto de informe.

O anuncio de licitación foi remitido ao DOUE o día 30 de maio de 2016, publicado no BOE de 18 de xuño de 2016 e no BOP de 17 de xuño de 2016, rematando o prazo de presentación de ofertas o día 8 de xullo de 2016.

Con data de 29 de xuño de 2016, GALAUREA, S.L. interpuxo recurso especial de contratación fronte aos pregos que rexen na presente licitación.

Con data de 9 de setembro de 2016 ditouse resolución polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RXE núm. 7940 de 29 de setembro) en virtude da cal se acordou: “Desestimar o recurso interposto por GALAUREA, S.L. fronte aos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares que han de rexe a licitación relativa á contratación do servizo de axuda no fogar, prestación básica e para persoas en situación de dependencia do Concello de Lalín, con número de expediente CSE072016”.

Desta resolución deuse conta á Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 24 de outubro de 2016 e á Xunta de Goberno Local de 24 de outubro de 2016.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vexo que doeu o tema. Máis preguntas?

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se preocupe, vaise a fartar del preguntas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente:Eu non me farto. Eu as que queiran.

Dª. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ:

Dª. Raquel Lorenzo Fernández: Bos días e benvido José Manuel. Na Xunta de Goberno do 26 de decembro do 2016 aprobouse unha proposta do concelleiro delegado de benestar no cal se recollían os servizos prestados a efectos de percepción a efectos de antigüidade dun traballador indefinido do Lalín Arena. Á vista de que a día de hoxe, máis de oito meses despois non se continuou coa actualización destes recoñecementos e polo que solicitamos as seguintes preguntas:

1ª PREGUNTA: Cal foi o motivo de que se aprobasen o recoñecemento deste traballador do seu departamento e non no resto de traballadores nos apartados da súa competencia?

2ª PREGUNTA: Cónstalle que se tiveran estes detalles noutros departamentos ou foi o único?.

3ª PREGUNTA: Que característica especial escrito o trámite e conversa levou acabo este traballador para que se concretase o recoñecemento ?

4ª PREGUNTA: Por que se beneficiou este traballador fronte o resto do Concello que se atopa en idéntica situación?.

5ª PREGUNTA: Pensa o Tenente de Alcalde meter este recoñecemento con carácter inmediato ó resto de traballadores, toda vez que aínda non se recoñeceron por outra vía os complementos?.

D. Nicolás González Casares: Pola parte que me toca vouche responder unha cousa: ese traballador hai anos que ten recoñecido pola seguridade social o seu

carácter indefinido e en canto os outros traballadores que eu non podo falar porque hai unha negociación colectiva, comité de empresa que eu non teño ningunha potestade sobre iso.

D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ:

D^a. Eva María Montoto Méndez: Antes de facer a batería de preguntas dicir que quede ben claro que non ten que ver co señor Hermida, que lle desexo o mellor e todos o desexamos, senón coas declaracións que houbo posteriores, referímonos as declaración do concelleiro de Servizos Sociais, o Tenente Alcalde

1^a PREGUNTA: Queremos preguntarlle se realizou a seguinte declaración: “O único que o parecer hai na denuncia son as acusacións pois non hai lesións e aseveró que se non fora concelleiro non se atoparía nesta situación, estamos sometidos a un escrutinio brutal”.

D. Nicolás González Casares: Por escrito.

D^a. Eva María Montoto Méndez: A min gustárame que esqueceramos por un momento que é a persoa.

D. Nicolás González Casares: Me vas a explicar como se fai iso. Como vamos a esquecer sobren quen me preguntas. Vas facer un exercicio de disociación se queres tomamos un pouco de quetamina que serve para disociar para ver como facemos para abstraernos da persoa que é, porque creo que acabamos de telo aí sentado. Pero dime como se fai ese exercicio. Pero paréceme increíble.

D^a. Eva María Montoto Méndez: cando pasemos as preguntas vostede lealas como se fose un documento e conteste se fosen adecuadas esas respostas como concelleiro de servizos sociais, isto chégalle como unha nota de prensa e lealo e valoralo como ti creas.

2^a PREGUNTA: Enserio cree o Tenente Alcalde que polo feito de non haber lesións un tema deixa de ter importancia?.

D. Nicolás González Casares: Por escrito.

3^a PREGUNTA: Vostede defende nas súas declaracións que si non tivera un cargo político non se atoparía nesta situación. Pensa que de producirse a conduta non é reproable?.

D. Nicolás González Casares: Digo que non se encontraría nesa situación de exposición pública o cal é público e notorio que sendo concelleiro hai máis exposición pública. Se vostede quere sacar de contexto esas supostas declaracións miñas, ou vostede cree que na mesma situación esa persoa non é concelleiro saíra na portada dos xornais?.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Non, eu opino igual que vostede cando sei da persoa a que nos referimos.

D. Nicolás González Casares: Das súas preguntas é imposible abstraerse da persoa.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Pero entón vostede din que non recoñece esas declaracións que é a pregunta que lle facíamos.

D. Nicolás González Casares: Eu non lle dixen iso. Dixen que a pregunta contestáballe por escrito.

4^a PREGUNTA: Se entende o Tenente alcalde que aínda que foi convidado a título persoal, se foi axeitada a súa presenza nas fotografías acompañando as portas do xulgado, e se partindo da base da presunción de inocencia que non a poñemos en dúbida en ningún momento, non é lamentable que se esas declaracións son certas, non nos esquezamos de que hai unha presunta vítima. Pensa retractarse desas desafortunadas declaracións?.

D. Nicolás González Casares: Voulle repetir as declaracións que fixen ese día, xa que fala vostede da foto. En primeiro, son tal cal as dixen, están recollidas en entrecomillados nos periódicos, e respecto e presunción de inocencia ó señor Hermida. Segundo lugar, digo que confío na xustiza. Terceiro lugar, digo que defendo os dereitos da denunciante a presentar esa denuncia. Se vostede desas declaracións miñas que creo que son de libro que se atañen a lei e se recollen nos periódicos claramente entrecomilladas infire niso que eu estou incorrecto no que dixen, pois vostede mesma. Pero o que fago é respectar os dereitos da persoa tanto do presunto denunciado. Por outro lado, quérolle dicir que o exercicio que vostede propoñía de disociación xa veu como era completamente imposible o cal demostra a súa actitude como concelleira.

D^a. Eva María Montoto Méndez: A miña actitude como concelleira si permíteo é a presunción de inocencia non só a recoñecemos como dereito constitucional senón polo dereito que él nos merece e creo que así o demostramos e por iso refírome que estas preguntas non teñen nada que ver con a nosa actitude respecto del, é máis a nivel persoal penso que si vostede realmente cree que do feito de ser un político afectoulle a nivel de prensa, algo que comparto. Debería saber tamén que a súa presenza nesa foto tampouco debería de axudalo demasiado.

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: Unhas preguntas para Miguel Medela e para Celia.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: O señor Medela contou dúas versións distintas con respecto ao carballo centenario de Val. Primeiro dixo que non tiña nada que ver e logo cando se veu atrapado polos whatsapp dixo que dera el a orde.

1^a PREGUNTA: Para Miguel Medela: Por que non pediron o informe o servizo municipal do Concello o da Xunta sobre a poda desa árbore?. En que situación van a deixar esa árbore centenaria? Van facer algún tratamento cicatrizante para que non morra?. Ten algún interesa especial o Goberno o algún dos seus simpatizantes en que esta árbore de centos de anos morra?. Van a estudar se se trata dunha árbore singular?.

2ª PREGUNTA: Para CELIA: A concelleira de medio ambiente cree que o concelleiro Miguel Medela neste tema foi correcto?

Dª. Celia Alonso Caramés: Sé que foi nun momento no que o técnico de medioambiente que tiña que asesorar está de baixa e se veu un caso de urxencia porque se desplomaba esa árbore. Ten vostede razón en que hai que darlle un tratamento antes do inverno e vamos empezar, estamos esperando a que se incorpore Xosé Manuel para empezar o tratamento

3ª PREGUNTA: Cal é o criterio que segue a concelleira para protexer unhas árbores si e outras non?.

Dª. Celia Alonso Caramés: Se hai unha árbore e risco nunha vivenda ou persoal, sempre imos protexer a vivenda ou as persoas. Senón sempre se protexen as árbores, pero as persoas van antes e as vivendas tamén.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Darlle as grazas por contestar as preguntas agora neste momento.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS: Para ó Alcalde

1º ROGO:

D. Xosé Crespo Iglesias: Quero facer un rogo ao señor Cuiña para que se lle parece deixe de utilizar a palabra fracasados para catalogar os concelleiros do PP e nomeadamente a min. Vostede pensa que queda moi ben cando chámame Senador fracasado, eu non me dou por aludido, sabe por que? Eu todo o que teño sacheino eu, non como outros. Eu fun primeiro gandeiro a moita honra, un bo profesional da gandería, tiña unha boa explotación, eu fundei a cooperativa agroteza unha das referentes naquel momento da comarca do Deza.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non te considero ningún fracasado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non pero chámame a través de Compromiso por Galicia que é o teu outro eu.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, e vos a través de Bruce Springsteen

D. Xosé Crespo Iglesias: Cando chamas Senador fracasado eu non me dou por aludido pero eu nunca fundín ningunha empresa

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu fundín algunha empresa?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non o sei.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu asegúroche que eu non.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu aseguro que eu tampouco .

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non fundín ningunha empresa, eu fundei unha cooperativa, entrei en política porque pedíronmo, non porque eu andivera chorando.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é nada contra vostede. Continúe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Logo gañei seis eleccións con maioría absoluta e unha con maioría simple así de sinxelo. O meu currículum esta aí. Así que segue vostede por ese camiño que é un camiño perfecto par afacer amigos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Recoñezo que vostedes comigo con moi cariñosos, iso é certo.

D. Nicolás González Casares: Teño que ausentarme un anaquiño. As preguntas que teñades as respondo por escrito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu recoñezo que vostede é moi sensible para algunhas cousas cando se fala en termos políticos, pero vostedes coa expresión que lle gusta a vostede non son hermanitas deja caridade.

D. Xosé Crespo Iglesias: Certo que non.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale porque que a min teñen chamado de todo dende neno de pasta ata non sei que.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale é igual, faga como é mellor e oportuno.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E vostede tamén. Dixen mil veces e direi tres mil veces máis que durante moitísimos anos foi un excelente Alcalde e saben que o dixen mil veces. Non poña o limiar do afectado tan baixo, porque o dixen mil veces. Non creo que ninguén da oposición dixeralle semellante cousa que lle dixen eu mil veces. Polo tanto non sexa tan sensible para cuestións en temas políticos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu sensible?: Eu téñolle unha pel gorda no lombo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Debería tela. Meu pai sempre dicía que tiña pel de elefante. Acordase que dicía que tiña pel de elefante?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si. Eu tamén creo que teño pel de elefante en moitos sitios.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é o que se comenta, pero bueno.

2º ROGO:

D. Xosé Crespo Iglesias: Un tema que non debería ter demasiada importancia pero fágolle ese rogo para correxilo. Cando entra por calquera motivo na liorta política o nome do seu pai vostede é desleal comigo cando din que non o defendo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por favor, deixa o tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non quero deixar o tema. Eu o que lle pido por favor, e un rogo que lle fago é que se vostede mete os cans na bouza non lle pida o PP que sexamos nós os que nos botemos á xugular para ninguén porque nós non temos culpa. Eu creo que o máximo responsable de que as veces en liortas partidistas entre a figura do seu pai é vostede o máximo responsable, é vostede o que lle mete e logo ponse de vítima.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non sigas por aí.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso paréceme inmoral, o que ten que ver en relación comigo sempre defendín o seu pai. Agora ben, que vostede se lamente nas redes sociais cando é o máximo incitador de que iso ocorra, paréceme inmoral e por iso lle fago este rogo. Faga o que queira porque eu estou calando pero non me parece nin xusto nin lexítimo que vostede cada vez que ataquen o seu pai diga que o PP caladiño. O mellor ese ataque ao seu pai é motivado polo que vostede fai, non polo que fixo o seu pai. Vostede fai e aínda por riba que estamos caladiños nos quere meter na bouza e di que encima o PP está caladiño. Aquí, todos somos moi listos e todos temos pel de elefante e polo tanto ese rogo o fago para que non siga por ese camiño.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Voulle dicir unha cousa, xa que falou e díxenlle que non falase.

D. Xosé Crespo Iglesias: É a cuarta vez que din que non saímos a defendelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: De acordo. Voulle dicir unha cousa. Mira que pedín que calara con ese tema, pero bueno. A min caeríame a cara de vergoña se a un destacado membro do partido o puxesen en determinados termos, sempre o defendería. Se se refiran o meu pai político non biolóxico en determinados termos sendo do meu partido, sempre o defenderei. Eu estou defendendo con moita modestia a Fernández Albor, un día aquí fíxose unha alusión a Fraga e defendeuno o cal é o normal, sabe que eu a Fraga non o tragaba demasiado por moitas circunstancias. Tamén lle digo unha cousa se lle falta a memoria a unha persoa que morreu fai dez anos e fillo ilustre de Lalín por decisión unánime da Corporación sempre saltaría a defendelo.

D. Xosé Crespo Iglesias: A proposta nosa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si claro. Sempre sairía a defendelo a partir de aí o que ti queiras.

D. Xosé Crespo Iglesias: O problema é que ti sacas as cousas de contexto. Con iso que acabas de defender estou de acordo pero a vostede parécelle normal?.

Eu quero pensar que moitas veces non pensa o que di.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pepe non siga por aí.

D. Xosé Crespo Iglesias: É inmoral que vostede que pertenceu ó meu partido toda a súa vida ata hai uns días.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cinco anos.

D. Xosé Crespo Iglesias: E que o mamou dende neno e que seu pai foi un dos grandes dirixentes deste partido, que vostede teña a desfachatede de colgar nas redes que o PP pode facer un curso de ministros en Alcalá Meco.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu puxen iso?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non me acordo. Sería retwittear.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ao mellor sería Compromiso por Galicia.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ou Bruce Springsteen que vos leva o tema da prensa. Perdón o da comunicación.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que le digo é que teña un pouquiño de por favor e teña en conta que o partido ó pertenceu sempre e da súa familia pertenceu.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pertencen algúns.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que se chotee o Tenente Alcalde, Paco Vilariño ou Paco, enténdoo. Pero que ti chotees, non dou entendido.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Isto correspondería máis a unha conversa privada. Isto poderíámolo resolver entre ti e eu. Pero vai por outro sitio. Eu nunca reprocho nada que dixera vostede directamente senón que non saíra en defensa dalgún membro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non reprocho nada das alusións do que foi membro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sabemos moitas cousas vostede de min e eu de ti. Creo que isto é privado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non ve que vostede é o que corta o fio.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por certo, non me vou a meter en liortas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que lle digo é que teña tacto con ese tema.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E ti tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu cando fago como Xosé Crespo e cando falo como Presidente Local do PP son a mesma persoa. Vostede cando fala como Alcalde de Lalín é unha persoa e cando utiliza Compromiso por Lalín é outra. É tan incongruente que como Alcalde pode dicir que con Tourís lévase moi ben e en Compromiso por Lalín di que é un falabarato. Non se da conta que todos sabemos que Compromiso por Lalín é da mesma cousa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Compromiso por Lalín teñen a posibilidade de utilizar a páxina de persoas e subscribe todo a executiva local. E sei que vostedes non teñen nada que ver coas notas de prensa do PP, cando se meten con familiares meus, vostedes non teñen nada que ver. Insisto é Bruce Springsteen que está detrás de todo isto. Non é vostede. Dáse conta do patetismo que está facendo?. Compromiso por Lalín se non ten nada en contra, en teoría son o líder. E no PP supoño que seguirá sendo vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sigo sendo eu.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois entón estamos falando do mesmo. Non fala Compromiso por Lalín sen que eu o autorice igual que o PP non fala se vostede non autoriza.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ten a pel moi fina para o que quere.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Claro, revolta os termos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Esa sintonía persoal que podía haber cortouna vostede, porque non me fixo unha, dúas nin tres.... Porque chegou aquí e quixo demonizar a miña persoa e o meu equipo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nunca o contarei porque eu non son como vostede. Díxenlle mil veces que eu nunca faría nada contra vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mellor que non se conte.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Isto é unha pelea de galos, xa me estou dando conta. Díxenlle mil veces que eu non faría nada contra vostede e levareino a tumba.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mentira, dixoo mil veces e fixo o contrario. Dixo que non faría nada e estábame cravando o coitelo na espalda.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Á marxe do debate político.

D. Xosé Crespo Iglesias: Chamémoslle agora así.

3º ROGO:

D. Xosé Crespo Iglesias: Prego o Alcalde que deixe de convidar se é posible a actos oficiais o día anterior ou o mesmo día a mañá. Sabe cal é o problema? Eu podería entender que se me chaman a mañá para un acto as doce non hai malicia, pero sabe por que podo entender que hai malicia? Porque cando non vamos a un acto, críticanme. Invítanos, mándanos unha invitación da Igrexa e non vamos a unha misa e ponse a criticarnos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: cando lle invitei eu a misa?

D. Xosé Crespo Iglesias: Teño un compromiso persoal, e non podo quedar ata máis tarde e aproveitan para criticarme nas redes sociais. Eu podo entender que vostede decida o día a mañá facerlle unha homenaxe o porteiro de balomnán. Avísanos á mañá que ás doce hai unha recepción, pero eu asegúrolle que o día anterior o sabían. Sabes que pasa?. Se eu son mal pensado penso que non queren que vaia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como admito a disputa política, dígoche en este tipo de temas que non hai ningunha mala fe. De feito os digo ide para aquí. Non quero ser sospeitoso.

D. Xosé Crespo Iglesias: A vostede parécelle normal que haxa unha recepción aquí as 12:00 horas e se nos diga ás 10:30 horas?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podes insistir no tema, pero non hai ningunha mala fe. Podes crer o que queiras.

D. Xosé Crespo Iglesias: Podería haber mala fe. Tamén pode habela.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sabes que non a hai.

D. Xosé Crespo Iglesias: O rogo que lle pido é que nos conviden cunha certa antelación. Porque se non podo ir eu sempre nos da tempo a programarnos. Porque os que estamos aquí do PP traballamos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dígolle que ten razón.

4º ROGO:

D. Xosé Crespo Iglesias: Que por favor deixe de utilizar o perfil do Concello como unha plataforma partidista. Porque a utilización puramente oficial debe ser fundamentalmente apartidista. Das últimas vinte entradas do perfil do Concello a gran maioría son para maior gloria do Alcalde, cunha dinámica calcada á do perfil que vostede tiña e que presuntamente deixou de utilizar. Eu prégole o Sr. Cuiña que deixe de facer publicidade propia e que retome o seu perfil se quere.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O rogo quédalle ben pero sabe que non é certo. Hai de tódolos departamentos, de tódolos concelleiros, carreiras de atletismo. Hai absolutamente de todo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Perdón, vostede enténdeme perfectamente.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E vostede a min tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire cando se vai a festa dos vellos e sae Lara sacando un selfie con vostede?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que manía teñen a Lara.

D. Xosé Crespo Iglesias: Esa páxina é a do Concello, non é a páxina de Compromido e and company.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que manía teñen a Lara.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non é que manía. Non, é que mire e escóitame.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero nós somos o Goberno de Lalín. Deixarémolo de ser algún día.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero nós non o facíamos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, vostedes non utilizaban os medios do Concello para facer política.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire a festa dos vellos que vostedes criticaron ata a sociedade.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Das persoas maiores.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero cando empezaba chamábase así. Chamárona vostedes así.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu?.

D. Xosé Crespo Iglesias: O PSOE e o BNG.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede para o que quere patrimonizalo senón non.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sabe que non, e sabe que me movo ben no entorno, o cal lle molesta.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se a páxina web é do Concello de Lalín e alí hai concelleiros con vostede, aínda que no salgan na foto no titular poñelo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Os concelleiros que estaban alí os chamaron e estaban no seu dereito de vir ou non cando foron as entregas e premios.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que vostede queira.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si que se vos chamou.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o rogo que lle fago é que se seguen con esa dinámica co perfil do Concello tomaremos medidas porque se convencemos a Juan José somos maioría. Polo tanto eu pido que sexan neutrais e que sexa unha páxina institucional.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ante a decisiva influencia e impacto, estamos aberto.

5º ROGO:

D. Xosé Crespo Iglesias: Prégolle ó Alcalde que si é posible deixe de mentir co seu mantra que estaba en quebra no 2015, porque é unha auténtica falacia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Hai algún informe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero tranquilo que xa lle direi.

6º ROGO:

D. Xosé Crespo Iglesias: Prego ó señor Alcalde que deixe de enganar os lalinenses. Nos dicimos o mesmo en tódolos estamentos onde estamos pero vostede cunha man é capaz de felicitar ó Alcalde e logo dicirlle falabarato en Compromiso por Lalín, iso ponse en Compromiso por Lalín sen o seu permiso, ben.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu agradezo ó PP e a súa web que cando saca notas de prensa faltando ó respecto incluso a miña familia.

D. Xosé Crespo Iglesias: A web do Concello non teñe nada que ver coa web do PP o de Compromiso por Lalín.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: As redes sociais do PP ou cando sacan notas que sei que vostede está á marxe desa declaración, por exemplo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu asegúrolle que non.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que non que?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que non estou á marxe.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Claro, claro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ao mellor despístome, e ao mellor sacan algo sen a miña autorización

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non lle faltei nunca ó respecto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me faltou poucas veces.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Da súa familia, digo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Poucas veces.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Da súa familia?. A quen?.

D. Xosé Crespo Iglesias: A min e a miña familia.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por favor non me faga enfadar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non te pases.

D. Xosé Crespo Iglesias: Preguntas a raíz dos informes de quebra. O fío das declaracións do Alcalde pola presunta quebra do Concello e o informe solicitado a Intervención por parte nosa, queremos facer as seguintes preguntas.

1ª PREGUNTA: Por que permitiu que o informe económico que pediu o PP sobre o tema da quebra que habitualmente acarexada polo Alcalde non o fixeses a Interventora titular cando o podía facer perfectamente antes de irse?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quere que lle conteste?

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non. Déixame dicir a batería.

2ª PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: Negábase ó que vostede quería?

3º PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: Por que tivo acceso a eses informes a prensa por unha filtración desinteresada antes que nós que fomos os que solicitamos ese informe?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Filtración do Alcalde?. Mire é que está errado. Voulle dicir para que non siga cometendo erros.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu entereime do informe pola prensa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Voulle dicir. Punto un, a antiga interventora pódena chamar e preguntarlle, estaba pechando todos os seus temas que

tiña moitos e dixo que non tiña tempo para facer non só ese senón varios máis. Punto dous, como configurará en gestiona o Concello pediu concretamente un informe ó respecto que fixo xa a seguinte interventora. Terceiro punto, dubido moito que vostedes este poñendo en tela de xuízo cunha Interventora estaría a facer determinado tipo de análise que outras, dubido moito que vostede poña en sospeita iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non o poño en sospeita.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Aínda estou no uso da palabra. O que di ese informe como vostede sabe é que cando vostedes saíron do Goberno podían facer fronte ós pagos que habería pendentes. Pero que había unha sentenza, como dixen eu moito antes recollido en prensa que están recollidos nas hemerotecas que había un risco de inestabilidade económica do Concello.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire, vostede quere facer da mentira.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está escrito.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede quere facer dunha mentira unha verdade.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si. Si, pero está escrito por unha Interventora non polo Alcalde.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Interventora que era a que estaba aquí dixo publicamente aquí neste Pleno que non había ningún risco de quebra e que nunca houbera.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo que cando saíron do Goberno podía facer fronte os pagos pero que había un risco potencial coa sentenza do parking de caer en inestabilidade. É así, e algún día nos explicarán como conseguimos negociar ese parking e vostedes non.

D. Xosé Crespo Iglesias: Probablemente.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos esperando dous anos despois.

D. Xosé Crespo Iglesias: Probablemente e a explicación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tiñan risco potencial de quebra por unha sentenza e os avogados dicían que podía caer de seis millóns de euros.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso é totalmente mentira.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Seis millóns de euros.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso é totalmente mentira. Pero por que é tan mentiroso?. Por que é tan patolóxicamente mentiroso?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale, de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se sabe perfectamente que é mentira.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, si. O que vostede diga.

D. Xosé Crespo Iglesias: Había un acordo co que facerlle fronte. O contencioso claro que pode pedir.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E por iso eu negociando media hora conseguín 400.000€ menos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire, é que vostede como xestores peor imposible.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu só sei que vostede estaba disposto a pagar medio millón máis.

D. Xosé Crespo Iglesias: Peor imposible.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Todos os números macros son mellores que cando entramos. Todos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Dígame que fai vostede. Se non fai absolutamente nada.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estou disposto a escoitar. En número macros do Concello de Lalín dime un só que non sexa mellor que cando entramos no Goberno.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sabe por que?. Porque o Concello de Lalín estaba inmaculado economicamente e vostede está collendo a sementeira do que outros fixeron.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sementa sementarei loguiño de crrear.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede está recollendo a colleita que nós deixamos e vostede é tan cínico que non quere recoñecer nin o pan nin a sal.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vexo os número, os impostos que pagan os lalinenses... vexo moitas cousas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós facíamos cousas e por iso gastábam os cartos e vostede ten todo feito entón claro que non ten que endeudarse, non se fastidia. Sabe por que? Porque o Concello está feito, o Lalín Arena está feito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tivemos que comprar un parking, tivemos que facer a ronda leste que deixaron mal.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero se na ronda leste só fixeron por unha

neglixencia de vostedes perder subvencións que había da Deputación apalabradas e da Xunta de Galicia.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está disposto a deixar en acta do Pleno que había subvencións concedidas para iso?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Había un compromiso da Xunta de Galicia.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Compromiso? Vostede dixo subvención. Se todos sabemos o que hai Pepe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Claro que todos sabemos o que hai e vostede segue coa mentira patolóxica de dicir que este Concello estaba endeudado.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu o que digo é que o Concello está mellor que hai dous anos e o saben todos os lalinenses.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero se vostede está recollendo os froitos que nós lle deixamos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podemos seguir media hora.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que trouxo de fóra de Lalín?. Nada. Se o Concello non fai nada claro que non gasta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podemos estar toda a mañá así. Pero déixame que fale tamén porque presido o Pleno. Dicirille que o Concello está en todos os parámetros os que dependen de nós e os que non, mellor que cando estaban vostedes.

D. Xosé Crespo Iglesias: É vostede un iluso e segue sendo iluso mellor para nós.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Seguinte pregunta.

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixeme acabar coa batería de preguntas

4º PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: Sabía o Sr. Alcalde que o PP non tivo ningunha comunicación do decreto onde se daba a orde de elaboración do informe e do que se daba acceso ó mesmo?.

Non tivemos acceso ó decreto no que o Alcalde pedía un contra informe de Intervención, esa é a súa transparencia. Non tivemos acceso a dito contra informe ata varios días despois que fora publicado na prensa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Creo que estaba o informe e estaban esperando.

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixeme acabar a pregunta.

5º PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: Cree que ese retraso demostra que a demora en entregar os expediente á oposición ten máis que ver co sectarismo deste goberno que coa capacidade dos técnicos?.

6ª PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: Parécelle que é unha boa actuación para demostrar a transparencia que fala do seu partido?

7º PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: Como no informe anterior que non se respondía ó requirimento concreto que solicitou o PP tramitouse unha segunda petición?.

Non se preocupe que tramitarei unha segunda e cuarta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dimos na diana.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entréganos un informe que en teoría é unha réplica do mesmo, pero dinos que para o mes de outubro daránolo. Nós só lle pedimos o Interventor algo moi claro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vexo que dimos na diana.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non está entendendo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tamén vexo que podemos seguir as tácticas do PP.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estou no uso da palabra. Mire a min non me parece normal que pidamos un segundo informe e se o primeiro xa está feito que se nos digan que nos entregan o informe para o mes de outubro. Non me parece nada transparente. Ou ten que ver ese retraso probablemente con deixar retratadas as súas mentiras?. Voulle dicir algo que vamos facer e despois non me diga que actuamos para prexudicar o Concello. Eu vou esixir como rexidor anterior desta casa que intervención diga o que me dixo a min a Interventora persoalmente e que dixo neste Pleno, que o Concello non tiña ningún risco, é máis, que era un dos bens saneados de Galicia e vostede deberíalo saber pero non lle interesa. Se iso é así e vostede segue erre que erre, estamos dispostos e pedireille para iso o apoio a Juan José Cruz a pedir unha auditoría que a fará unha empresa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa a pedimos e dixo a Interventora que era ilegal.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se preocupe que xa encontrei a forma para que sexa legal.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ah, pois ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: É legal, simplemente que hai que gastar cartos. Unha auditoría dunha empresa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A min paréceme ben. Apoio iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se preocupe.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non se preocupe vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu estoulle dicindo de que pedimos o informe. Nós só queremos saber unha cousa: que Intervención diga se o Concello tiña risco de quebra ou non. E se di que ten risco de quebra como non estaremos de acordo pediremos unha auditoría.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: E se din que non, polo menos acábanse as súas mentiras. Non sei se sabe que nós temos un informe de cando marchamos de aquí, o informe de arqueo onde está todo perfectamente reflexado e un informe de intervención daquelas. Se nós pedimos este é para redundar o anterior. Pero nós temos xa ese informe non se equivoque.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que lle digo Sr. Crespo e vaime deixar trinta segundos. Cando entramos no goberno quixemos facer unha auditoría e Intervención díxonos que se podía facer con medios da casa, que non autorizaban a facela externamente.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu pedínlle que non a fixera?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É que vostede sempre pensa que é un tema contra vostede, estoulle dicindo que Intervención dixo que non era legal facelo, que o podía facer ela dirixindo o departamento pero non externamente. Entendeume?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, pero é igual, non o vou a entender. Sabe que a vostede é moi difícil de entender porque ten dúas personalidades.

8º PREGUNTA: Para Miguel Medela

D. Xosé Crespo Iglesias: En varias ocasións o concelleiro Miguel Medela presumiu de ser afiliado o PP e como o Alcalde abandonara esa formación... Dixeron que eu infrinxira a lei de protección de datos cando é pública e notoria, e o sabe todo o mundo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Metiteches nun xardín. O que pasa é que nós non somos coma vos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Reto a que me denuncie.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non me rete que non vou a facer nada.

D. Xosé Crespo Iglesias: Reto a que me denuncie.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu nunca vou facer iso, punto un. Punto dous, levariades xa catro roldas de prensa co tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estoulle preguntando a Medela. Demos unha rolda de prensa cando vostede utilizou as cámaras deste Concello para facer espiaxe político. Demos unha nada máis.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso según ti. E nós non dixemos nada de que vostedes infrinxiran a lei de protección de datos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quen a infrinxiu foi vostede.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso dis ti. Eu o que digo é que podes estar tranquilo que non pasa nada pero que te asesores ben. Que te metiches nun xardín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero por que pensa que lle estou facendo as preguntas a Medela?. Quere deixarme facerlle as preguntas a Medela?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me dea a palabra e a estea quitando continuamente. Interrompendo constantemente.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Veña.

D. Xosé Crespo Iglesias: Comentou con compañeiros do partido do goberno ou con veciños que vostede fora afiliado do PP antes de incorporarse a lista de Compromiso por Galicia?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ves como sabes que te metiches nun xardín. Esa é a demostración de que sabes de que te metiches nun xardín. Porque seguro que te asesoraches.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede quere deixarme falar dunha santa vez. Quere deixar de interromperme continuamente.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fala, fala.

D. Xosé Crespo Iglesias: Deume a palabra, estou no uso da palabra. Pregúntolle iso. Vale non se da conta.

9º PREGUNTA: Para Miguel Medela

D. Xosé Crespo Iglesias: Segue afiliado ó PP nestes momentos?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non contestes Miguel, por favor. Son datos privados.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, si. Vale, non se preocupe.

10 PREGUNTA: Para Miguel Medela

D. Xosé Crespo Iglesias: Pensa pedir a baixa do PP ou espera a que lle botemos nós?. Sabe que hai unha lei. Pois contésteme por escrito se é tan amable.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Déixame dicir unha cousa.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estou no uso da palabra. Que me responda Medela, pregunteille a Medela, non a vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu o que lle digo que os afiliados do PP...

D. Xosé Crespo Iglesias: Se é público e notorio e o sabe todo o mundo, o dixo diante miña en bares. Non é ningún segredo que sexa afiliado, tamén o eras ti.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Punto un, non tes porque estar preocupado por ese tema, véxote preocupado, porque nós non andamos con esas cousas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estoulle dicindo que me denuncie.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E punto dous, se fose afiliado do PP non estaría moi tranquilo sabendo que as persoas que manexan datos persoais que protexe a lei de protección de datos en calquera momento pode dicir a súa condición de afiliado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Como eu teño testemuñas sobradas. Rétolle a que me denuncie.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que non o vamos a denunciar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pídlle por favor para ver se incumprín a lei de protección de datos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que non somos coma vós.

D. José Antonio Varela Quintela: Vostede tamén chega a moitos sitios e trata a xente que non está metida en política e que sabe que é do PP.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cando chega algún pedáneo e sabe que é dos nosos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Hai unha cousiña que non acabas de captar, eu non estou no manexo dos datos.

D. José Antonio Varela Quintela: E logo por que o sabes?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu na miña vida tiven acceso a un ficheiro. Vostede está metendo a pata niso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede desprezou a moitas persoas que son do PP dirixíndose como “vostedes os peperos”.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pepero non chamei nunca a ninguén. Inventas e despois...

11 PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: En sucesivas declaracións tanto do Goberno como de Compromiso por Lalín fixeron vostedes unha alusión grave a que membros da lista do PP se beneficiaran ao comprar unha finca no agro de Lalín de Arriba.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso que está dicindo non é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Beneficio dubidoso considerando que vostedes catalogan. Ve como minte.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, está dicindo que se afirmou e o que se fixo foi preguntar. É totalmente diferente.

D. Xosé Crespo Iglesias: É bastante máis grave. Vostede cree que é menos e é máis grave. “Pregunta a Crespo se algunha persoa de súa lista electoral ou algún integrante do seu partido especulou co desenrolo desta urbanización”.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Preguntan. si.

D. Xosé Crespo Iglesias: De existir piden o PP que expliquen se teñen terreos nesa area, terreos que algúns lle serviron para sacar beneficio persoal e para conta de moitos outros veciños da súa ruína. Isto é unha afirmación que fan vostedes. Eu agora dígolle.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É unha pregunta non unha afirmación.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se preocupe que isto non vai quedar así. Non se preocupe que terán que dar explicacións.

Pregúntolle: Vostedes acusaron publicamente eu teño o dun medio pero hai en cinco ou seis medios. A que lin sae en concreto en Deza- Tabeirós na Voz de Galicia. Manteñen esa afirmación?

12 PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: Exíxolle que digan o nome da persoa ou persoas que presuntamente se beneficiaron ou especularon.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu o que lle podo dicir é que nós nunca afirmamos nada e só preguntamos. Preguntamos porque non o sabemos se é certo ou non, non afirmamos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero non ve como nos toma por parvos?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Lealo. Quero dicir unha cousa, que eu estaba de vacacións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu se lle pregunto se é un desgraciado? Non é insultalo?. Entón teremos que preguntar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pregunta o que queiras.

D. Xosé Crespo Iglesias: Isto é unha forma de facer política por diante?. Vostedes acusaron deliberadamente a un membro da miña lista sen dar nome, como covardes que son políticos. Como máis ou menos todos non coñecemos e agora saben que esa persoa se pode revolver agora están un pouco preocupados.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É que non é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non é certo?. O sexa que para vostedes defender o agro de Lalín de arriba din: Preguntámoslle ó PP. Realmente lle parece normal isto?. Eu xa deixo de preguntar. Se vostedes preguntando non están afirmando...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non nos consta por iso preguntamos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entón pregúntame a min se un membro da miña lista especulou no agro de Lalín de Arriba e iso non é acusarnos?. Se vostede ten esa visión é que algo falla. Eu voulle dar de prazo este mes ou nos din quen do PP especulou ou tomaremos medidas, eu o a persoa que sítase afectada. Vostedes para facer unha pregunta teñen que ter unha xustificación ou se preguntan é porque teñen unha sospeita. Non se atreven a poñer o nome como covardes políticos que son porque saben que se enfrontan a unha querella pero aínda así pódense enfrontar igual. Non o din por covardía porque saben que non especulou e teñen medo.

13 PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: Por último, o meu partido canto menos de velo cerca

quéreno ver lonxe. Por tanto, sígame sen dar explicacións dos whatsapp de Rueda é a quinta ou sexta vez que lle pregunto. Nós non vamos a parar nese tema porque o meu partido non é un chiquilicuatro, o secretario xeral do meu partido e presidente provincial non pode vostede poñelo en boca da nosa xente dicíndolle que lle está pedindo negociar con vostede para entrar no PP cando é totalmente o contrario. Vostede segue empeñado en mentirnos e síganos mentindo que así lle irá. Eu non vou parar ata que me de explicacións.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Explicar, cando quixera.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pola miña parte xa acabei.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA:

D. Juan José Cruz García: Repasastes todos os temas habidos e por haber . Eu simplemente dicir que as miñas preguntas van a ir para un artigo de prensa porque vai ser máis divertido.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas grazas.

E, sendo ás doce horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Alcalde levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario Accidental e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Accidental.
Jorge García Fernández